

ASUNTO PLE/2021/00042733B

ACTA NÚM. 14 - SESIÓN ORDINARIA 30 DE SETEMBRO DE 2021

No Salón de Sesiões da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **10:00 horas** do día **30 de setembro de 2021**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión ordinaria.
Sesión Telemática Zoom ID de reunión: 995 7361 8316.

ASISTEN:

Don Xosé A. Sánchez Bugallo, Alcalde-Presidente

PSdeG-PSOE:

Dona Mercedes Rosón Ferreiro
Don Gumersindo Guinarte Cabada
Dona María Milagros Castro Sánchez
Don Gonzalo Muíños Sánchez
Dona Marta Abal Rodríguez
Don José Manuel Pichel Patiño
Don José Javier Fernández Martínez
Dona María Esther Pedrosa Carrete
Don Rubén Pol Mariño

PP:

Dona Ana Belen Sabel Iglesias
Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela
Dona María Angeles Antón Vilasánchez
Don José Antonio Constenla Ramos
Don Evaristo Ben Otero
Don Ramón de Jesús Quiroga Limia
Dona Beatriz Cigarrán Vicente (non asiste de 16:00 horas ata o fin da sesión).
Dona María Castelao Torres

CA:

Dona Branca Petra Novo Rey (incorpórase á sesión no punto 3, ás 10:54 horas)
Dona Marta Irene Lois González
Don Jorge Carlos Duarte Vázquez
Dona María Rozas Pérez
Don Xan Xesús Duro Fernández

BNG:

Dona María Goretti Sanmartín Rei)
Dona Navia Rivas de Castro.

D. Juan Ramón González Carnero, Interventor xeral do concello (non asiste a sesión a partir das 16:00 horas).

José Manuel González García, vicesecretario do Concello de Santiago de Compostela.

Se presupón ao non manifestar ningún dos/as asistentes o contrario que todos/as se

encontran en territorio español.

ORDE DO DÍA:

- 1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do día 29 de xullo do corrente ano.**
- 2. Declaración de especial interese e utilidade municipal do anteproxecto de obras de ampliación do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela (CHUS).**
- 3. Proposta da concelleira delegada de políticas sociais de resolución de alegacións e aprobación definitiva do Regulamento do Consello Municipal de Persoas Maiores.**
- 4. Resolución de reclamación presentada contra a aprobación inicial da modificación do cadro de persoal para o ano 2021.**
- 5. Aprobación da modificación do cadro de persoal para o ano 2021, prevendo a funcionarización.**
- 6. Aprobación do expediente de crédito extraordinario núm. 2021-CREXT-10, por importe de 370.493,48 euros.**
- 7. Proposta da concelleira delegada de medio ambiente, de bonificación do canon de SOGAMA ano 2021.**
- 8. Proposta da concelleira delegada de economía e facenda, de declaración de prescrición das facturas de Ferrovial 2017/2210 e 2018/2282.**
- 9. Proposición presentada polo grupo municipal do BNG para a realización dun plan estratéxico de subvencións.**
- 10. Proposición presentada polo grupo municipal do BNG para crear un plan de reactivación económica para zonas afectadas por obras.**
- 11. Proposición presentada polo grupo municipal de CA para actuar urxentemente no ámbito urbano das facultades de xeografía e historia e filosofía.**
- 12. Proposición presentada polo grupo municipal do PP para a creación dunha comisión de seguimento para informar periodicamente da marcha das principais obras que acomete o concello.**
- 13. Proposición presentada polo grupo municipal do PP para a análise e posible modificación da velocidade en determinadas vías municipais.**
- 14. Proposición presentada polo grupo municipal de CA para impulsar unha forma consensuada coa veciñanza e o sector hostaleiro a instalación dunha plataforma loxística de reparto de mercadorías para a hostalería da cidade.**
- 15. Dar conta de acordo da Xunta de Goberno Local de data 13 de setembro do corrente ano.**

16. Dar conta de resolucións da alcaldía de delegación de funcións.

17. Dar conta de resolucións da alcaldía, das concellarías delegadas e actas da Xunta de Goberno Local.

18. Solicitude do grupo municipal de Compostela Aberta de comparecencia do concelleiro responsable do tendido de novo cableado aéreo e outros dispositivos para a instalación de cámaras dentro do proxecto Smartiago.

19. Rogos, preguntas e interpelacións.

Interpelacións:

- 1.- Presentada polo grupo municipal do BNG sobre a vertedura de contaminación que afectou a rede de abastecemento de auga.
- 2.- Presentada polo grupo municipal de CA sobre contratación.
- 3.- Presentada polo grupo municipal do PP sobre reurbanización da rúa dos Concheiros e a construción do aparcamento en Triacastela.

Rogos:

- 1.- Presentado polo grupo municipal de CA en relación aos espazos suprimidos para actividades na rúa.
- 2.- Presentado polo grupo municipal de CA para ampliar o prazo da xustificación de actividades culturais pendentes de axuda.
- 3.- Presentado polo grupo municipal de CA sobre a seguridade viaria no paso do Camiño Inglés pola parroquia de Marantes.
- 4.- Presentado polo grupo municipal do BNG para restituír a convocatoria anual do Premio literario Ánxel Casal.
- 5.- Presentado polo grupo municipal do BNG para manter aberta a oficina de Muface en Santiago con plena dotación de persoal e recursos.
- 6.- Presentado polo grupo municipal do PP para a limpeza e mantemento do acceso e da parcela lindante coa igrexa parroquial de Santa Marta.
- 7.- Presentado polo grupo municipal do PP para o acondicionamento da marxe da estrada N-634 preto o acceso ao Monte do Gozo.
- 8.- Presentado polo grupo municipal do PP para o incremento da vixilancia no Parque de Ramírez.
- 9.- Presentado polo grupo municipal do BNG sobre a concentración parcelaria en Figueiras-Villestro.

Preguntas resposta oral:

- 1.- Presentada polo grupo municipal de CA sobre a duplicidade de investimentos e servizos relacionados co novo contrato de recollida e tratamento de residuos.
- 2.- Presentada polo grupo municipal de CA sobre as obras de melloras dos equipamentos deportivos e sociais na parroquia de Figueiras.
- 3.- Presentada polo grupo municipal de CA sobre a vertedura de xurros ao río Tambre e a comunicación da empresa concesionaria e o concello.
- 4.- Presentada polo grupo municipal do PP sobre a provisión da praza de director da banda de música.
- 5.- Presentada polo grupo municipal do BNG sobre a ampliación da oferta de prazas de actividades nos centros socioculturais do rural.

- 6.- Presentada polo grupo municipal do PP sobre a previsión de modificar axudas sociais para facer fronte ás continuas subas do prezo da luz.
- 7.- Presentada polo grupo municipal do PP sobre o proceso de licitación da revisión do plan de mobilidade urbana sustentable (PMUS).
- 8.- Presentada polo grupo municipal do BNG sobre a ampliación do CHUS.
- 9.- Presentada polo grupo municipal do BNG sobre as medidas a adoptar para evitar a instalación dun vertedoiro en Nemenzo.

Preguntas resposta escrita:

- 1.- Presentada polo grupo municipal do PP en relación aos radares situados non Restollal e na SC-20 en Conxo.
- 2.- Presentada polo grupo municipal do PP en relación a nave 5 da Praza de Abastos.
- 3.- Presentada polo grupo municipal do BNG sobre a ampliación do prazo de actividades na rúa, para compensar o mes que non puideron exercer.
- 4.- Presentada polo grupo municipal do BNG sobre o convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e o Concello de Ames coa Xunta para facilitar as comunicacións en transporte público.
- 5.- Presentada polo grupo municipal do BNG sobre a instalación dunha cuberta para colaborar co servizo social que desenvolve a Cocíña Económica.
- 6.- Presentada polo grupo municipal do BNG sobre a creación dunha ruta por Barciela e Marantes.

20. Toma en consideración de mocións presentadas polos grupos políticos municipais:

- 1.- Presentada por CA para manifestar o apoio ás persoas refuxiadas Afgás, en especial nenas e mulleres que buscan refuxio en Europa.
- 2.- Presentada por CA para a elaboración dun plan de melloras na zona de Volta do Castro.
- 3.- Presentada por CA para que Santiago de Compostela sexa nomeada cidade creativa da música.
- 4.- Presentada polo BNG para esclarecer e recuperar o importe dos recibos da luz que o concello pagou á Catedral de Santiago.
- 5.- Presentada polo BNG para limitar a instalación de cámaras do proxecto Smartiago ás zonas de acceso á cidade histórica.
- 6.- Presentada polo BNG para a reordenación e mellorá das pistas de skate de Conxo.
- 7.- Presentada polo BNG para a realización dun estudo de hábitat e do patrimonio na canteira de Sta. Cristina de Fecha.
- 8.- Presentada polo PP para a regularización dos expositores de publicidade urbana.
- 9.- Presentada por CA para aumentar as axudas á rehabilitación de vivenda xestionadas polo concello e polo Consorcio.

O rogo presentado polo grupo municipal do BNG para manter aberta a oficina de Muface en Santiago con plena dotación de persoal e recursos, foi retirado previamente á celebración da sesión plenaria.

Antes de comezar a tratar os asuntos incluídos na orde do día, teñen lugar as seguintes intervencións:

Dona María Gil Nieto, en relación á moción presentada polo grupo municipal do BNG para a realización dun estudo de hábitat e do patrimonio na canteira de Sta. Cristina de Fecha.

En segundo lugar intervén Don Xabier Ferreiro Campos, en representación do Comité de Persoal, en relación ao punto a tratar na presente sesión da modificación do cadro de persoal.

Antes de entrar a tratar o punto núm. 1, acórdase por unanimidade a ratificación da urxencia e a incorporación á orde do día da “Moción conxunta sobre o peche das oficinas bancarias na cidade vella”.

Así mesmo, tamén, se acorda por unanimidade a ratificación da urxencia e incorporación á orde do día dunha “Declaración Institucional para apoiar a declaración do Camiño Inglés como Patrimonio da Humanidade”.

Polo que os puntos incluídos por urxencia na orde do día son:

Moción conxunta sobre o peche das oficinas bancarias na cidade vella.

Declaración Institucional para apoiar a declaración do Camiño Inglés como Patrimonio da Humanidade.

Cumpriméntase así:

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 29 DE XULLO DO CORRENTE ANO.

Apróbase por unanimidade dos asistentes a acta correspondente a sesión ordinaria do día 29 de xullo do corrente ano.

2. DECLARACIÓN DE ESPECIAL INTERESE E UTILIDADE MUNICIPAL DO ANTEPROXECTO DE OBRAS DE AMPLIACIÓN DO COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (CHUS).

A proposta da concelleira delegada de urbanismo, vivenda e cidade histórica, en relación coa ampliación do complexo hospitalario universitario, de data 24 de setembro de 2021, ten o seguinte contido:

“A Directora da Área de Urbanismo, con data 20 de setembro de 2021 e en relación co expediente de referencia, emitiu o seguinte informe:

“A Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia presenta no mes de xullo a este Concello para a súa tramitación, o Anteproxecto de ampliación do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela (CHUS).

O Anteproxecto conta co informe de supervisión favorable do Servizo de Obras e Supervisión de Proxectos da Dirección Xeral de Recursos Económicos.

A parcela onde actualmente se sitúa o Complexo Hospitalario regúlase e ordéase polo “Plan Especial de Ordenación da Área do Hospital Xeral da Choupana” P.E.-9 aprobado o 5 de novembro de 1992. A ampliación pretendida incumpe as determinacións da Plan ao exceder da superficie máxima construíble o que determina a imposibilidade da concesión de licencia coa actual normativa.

Tal situación esixe, e así se ten solicitado, a aplicación da habilitación legal establecida

na Lei 3/2016, do 1 de marzo de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou excepcional interese.

O artigo único da lei sinala que os proxectos promovidos por órganos das administracións públicas que sexan desconformes co planeamento urbanístico de aplicación poderán executarse si se apreciasen razóns de urxencia ou excepcional interese público, que xa apreciou a Xunta de Galicia.

Pois ben, segundo se sinala nos documentos achegados co anteproxecto; a realización das obras precísase para garantir a calidade asistencial da Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza.

Por outro lado, a ampliación fundaméntase na súa necesidade, que resulta cualificada como imperiosa, tendo en conta a demanda sanitaria da cidade e da Área sanitaria, o que fai da nova infraestrutura unha intervención de excepcional interese para Santiago.

Do exposto derivase que a Consellería aporta razóns de índole cualitativa e cuantitativa como xustificadoras da realización do proxecto.

Entrando máis polo miúdo nas prestacións da actuación, de conformidade co informe de supervisión de proxectos achegado; o programa funcional da ampliación (26.583,83 m2 netos). Divídese en dúas partes:

- A ampliación do denominado Edificio A
- A ampliación do denominado Edificio C

O edificio A prolóngase cara ao Oeste, prevendo asemade derrubar parte da edificación (2.081m2) e substituír o actual Heliporto que se traslada.

En canto ao edificio C prolóngase cara ao Leste sen que se precise desenvolver ningunha derruba do edificio actual. Ningunha das edificacións resultantes das ampliacións superan as alturas actuais que se manteñen

A proposta intervéñ nos laboratorios, farmacia, bloque cirúrxico e área de ciruxía ambulatoria, área de endoscopias, urxencias xerais e pediátricas, farmacia, hospitalización médico, cirúrxica, hematolóxica e psiquiátrica; ciruxía plástica e maxilofacial; área de consultas externas e hospitais de día; coa previsión de desenvolver as áreas asistenciais no edificio "A" e as consultas externas e hospitalización de día no edificio "C".

Mención especial merece o plan funcional de ampliación do servizo de urxencias. Como sabemos, a pandemia creada polo SARS-CoV-2 levou aos servizos de urxencia á creación de circuitos estruturais diferenciados coa finalidade de non favorecer a contaminación entre pacientes sanos e pacientes con criterios de sospecha de infección por SARS-CoV-2.

Esa necesidade, que supón unha maior esixencia de espazo veu incrementar a xa existente posto que, segundo se fai constar no plan funcional do servizo, o reducido do espazo viña creando xa antes da pandemia problemas de asistencia aumentando os tempos de espera e situación de saturación e proximidade entre os pacientes.

En calquera caso ambas dúas actuacións supoñen unha mellora dos servizos

asistenciais incrementando a calidade da atención aos pacientes desta Área Sanitaria e da cidade de Santiago.

Do exposto despréndese que a ampliación mellorará tanto atención en consultas externas especializadas, como a atención urxente pediátrica e de adultos e a hospitalización de estancia e de día.

A configuración dunha oferta sanitaria pública, segura e axeitada desde unha perspectiva cualitativa e cuantitativa, tanto a nivel Hospitalario como de Atención Primaria na cidade de Santiago de Compostela e na súa Área Sanitaria resulta ser un obxectivo esencial e de indudable interese público.

Visto o exposto, propónse que por parte do Pleno da Corporación se acorde:

Declarar de especial interese e utilidade municipal o Anteproxecto de ampliación do Hospital Clínico Universitario (CHUS) de Santiago de Compostela presentado para a súa aprobación de acordo coa tramitación reservada aos proxectos públicos de urxencia e especial interese público pola Lei 3/2016 de 1 de marzo , ao supoñer unha mellora cualitativa e cuantitativamente esencial para a atención hospitalaria dos veciños e veciñas da cidade de Santiago de Compostela e a súa Área Sanitaria, que xunto coa Atención Primaria, configuróuse como esencial na xestión dunha Pandemia que puxo de relieve aínda máis a utilidade e interese do proxecto presentado pola Consellería de Sanidade.”

Á vista do informe emitido, propónse ao Pleno da Corporación Municipal, previo ditame que deberá emitir a Comisión Informativa de Urbanismo Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos, a adopción do seguinte acordo:

Declarar de especial interese e utilidade municipal o Anteproxecto de ampliación do Hospital Clínico Universitario (CHUS) de Santiago de Compostela presentado para a súa aprobación de acordo coa tramitación reservada aos proxectos públicos de urxencia e especial interese público pola Lei 3/2016 de 1 de marzo , ao supoñer unha mellora cualitativa e cuantitativamente esencial para a atención hospitalaria dos veciños e veciñas da cidade de Santiago de Compostela e a súa Área Sanitaria, que xunto coa Atención Primaria, configuróuse como esencial na xestión dunha Pandemia que puxo de relieve aínda máis a utilidade e interese do proxecto presentado pola Consellería de Sanidade.”

Á vista da proposta transcrita, e máis do ditame favorable da Comisión de Urbanismo, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos correspondente a súa sesión ordinaria do pasado día 24 de setembro, o Pleno da Corporación, por 18 votos a favor, correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e do PP (10 PSdeG-PSOE e 8 PP), e 6 abstencións, correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais de Compostela Aberta e do BNG (4 CA e 2 BNG), acorda declarar de especial interese e utilidade municipal o anteproxecto de ampliación do Hospital Clínico Universitario (CHUS) de Santiago de Compostela presentado para a súa aprobación de acordo coa tramitación reservada aos proxectos públicos de urxencia e especial interese público pola Lei 3/2016 de 1 de marzo, ao supoñer unha mellora cualitativa e cuantitativamente esencial para a atención hospitalaria dos veciños e veciñas da cidade de Santiago de Compostela e a súa Área Sanitaria, que xunto coa Atención Primaria, configurouse como esencial na xestión dunha Pandemia que puxo de relevo aínda máis a utilidade e interese do proxecto presentado pola Consellería de Sanidade.

Incorpórase á sesión dona Branca Novo Rey.

3. PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE POLÍTICAS SOCIAIS DE RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS E APROBACIÓN DEFINITIVA DO REGULAMENTO DO CONSELLO MUNICIPAL DE PERSOAS MAIORES.

O informe-proposta asinado pola xefa do servizo de acción social e a concelleira delegada da área con data 27 de setembro de 2021, ten o seguinte contido:

“ANTECEDENTES

1. En data 17 de febreiro de 2021 subscribiuse pola concelleira de Políticas Sociais así como pola xefa de servizo de acción social una proposta xustificativa da necesidade de elaboración dun regulamento Regulamento do Consello Municipal de Persoas Maiores do Concello de Santiago de Compostela.

2. O borrador do Regulamento do Consello Municipal de Persoas Maiores do Concello de Santiago de Compostela redactado dende a Área de Acción Social coa participación da Plataforma de Pensionistas de Compostela, someteuse a consulta pública, a través do portal web do concello dende o 19 de outubro de 2021 ata o 06 de novembro de 2021 Non se presentou dentro do prazo outorgado para o efecto ningún escrito ou suxerencia.

3. En data 25 de marzo de 2021 o Pleno municipal acordou aprobar inicialmente e someter a información pública por trinta días o Regulamento.

4. No BOP da Coruña de data 14 de Abril de 2021 publicouse o anuncio de exposición pública para presentar alegacións ao texto rematando dito prazo o pasado 28 de maio de 2021.

5. Dentro do devandito prazo, a Sra. Susana Méndez Rodríguez, en representación da Confederación Intersindical Galega (CIG) formulou as seguintes alegacións:

a. Que admita a trámite este escrito e teña por formuladas as seguintes alegacións, acordando modificar o artigo 4 do Regulamento orgánico municipal do Consello de Persoas Maiores de Santiago coa finalidade de:

i. Incorporar entre os seus vogais un membro designado por cada unha das organizacións sindicais máis representativas.

Aclarar a súa redacción no sentido de distinguir entre órganos unipersoais (a presidencia, a vicepresidencia e a secretaría) e órganos colexiados (o pleno e, de ser o caso, a comisión permanente ou as comisións sectoriais).

1. LEXISLACIÓN APLICABLE:

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).

Lei 40/2015, do 01 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP). ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).

Lei 7/1985, do 02 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL).

Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).

Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALG).

Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF).

Regulamento Orgánico Municipal do Pleno do Concello de Santiago de Compostela (ROMP).

Regulamento Orgánico de Goberno e Administración do Concello de Santiago De Compostela (ROGA).

2. CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

PRIMEIRO.- Os regulamentos son disposicións administrativas de carácter xeral de rango inferior á lei. A Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local establece que na súa calidade de Administracións Públicas de carácter territorial e dentro da esfera das súas competencias corresponde aos municipios, provincias e illas entre outras a potestade regulamentaria e de autoorganización.

SEGUNDO.- O artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, en relación co artigo 26 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, co obxectivo de mellorar a participación da cidadanía no procedemento de elaboración de normas, con carácter previo á elaboración do proxecto de regulamento, esixe que se someta unha consulta pública, a través do portal web da Administración competente, na que se solicitará a opinión das persoas e das organizacións máis representativas potencialmente afectadas pola futura norma. Para estes efectos consulta para a elaboración do novo regulamento regulador do Consello Municipal de Persoas Maiores do concello de Santiago de Compostela realizouse a través do portal web do Concello durante o período comprendido entre o 19/10/2021 e o 06/11/2021. Tras a consulta pública, non se recibiu ningunha alegación nin suxerencia da cidadanía sobre a normativa sometida a consulta pública.

TERCEIRO.- En data 25 de marzo de 2021 o Pleno municipal acordou aprobar inicialmente e someter a información pública por trinta días o Regulamento a contar a partir da súa publicación no BOP. Publicación que tivo lugar o 14 de Abril de 2021 rematando dito prazo o pasado 28 de maio de 2021.

CUARTO.- Finalizado o prazo establecido recibíuse un escrito de alegacións que seguidamente se relaciona, que será analizadas de seguido:

Alegacións plantexadas pola Sr. Susana Méndez Rodríguez en representación da Conferencia Intersindical Galega a) *Modificar o artigo 4 do Regulamento coa finalidade de Incorporar entre os seus vogais un membro designado por cada unha das organizacións sindicais máis representativas:*

Esta alegación xa foi sometida a consideración e debatida na Comisión Informativa da Área Social, Cultural, Participación, Igualdade e Transparencia de 18 de marzo de 2021 previa ao Pleno de 25 de marzo de 2021 no que se aprobou o texto do Regulamento do Consello Municipal de Persoas Maiores do Concello de Santiago de Compostela, e en referencia a mesma expónse o seguinte:

Partimos da premisa de que o Regulamento do Consello Municipal de Persoas Maiores de Santiago de Compostela descansa na premisa de regular un órgano aberto a máxima participación cidadá dando cabida a calquera organización Cidadá que queira participar no mesmo, tanto aquelas organización formalmente constituída como incluso aquelas outras que non teñen recoñecemento formal como entidade xuridicamente constituída, polo tanto a posibilidade de que as organizacións sindicais poidan solicitar participar como vogais do Consello está contemplada xa no propio texto do Regulamento sen ser necesario adicar un apartado específico a súa inclusión. En concreto, o artigo 4 do Regulamento do Consello de Persoas Maiores recolle neste senso *-segundo o disposto no seu apartado b)-* a posibilidade de que calquera organización cidadá que desenvolva obxectivos xerais do Consello poderá solicitar a súa participación como membro do mesmo.

Polo que a inclusión expresa das organizacións sindicais as que se fan referencia na Moción plantexada, é innecesaria por tanto que a súa participación, **-sempre e cando o soliciten-**, sería perfectamente subsumible no tipo xeral deste apartado b) sendo por tanto innecesario facer una mención expresa nun apartado aparte.

Quizais a base da Alegación plantexada xurda de que noutros Regulamentos, aos que se fai referencia específica no escrito de Alegacións, as organizacións sindicais como membros do Consello son necesarias recollelas expresamente. Sen embargo a comparativa non a lugar xa que en varios dos regulamentos mencionados estableceuse un *númerus clausus* (pechado) e restritivo de entidades que poder formar parte do Consello, no que de non incluírse o apartado expreso referente as organización sindicais dificilmente éstas terían cabida. Pero ese non é o caso do Regulamento que se aproba para o Consello Municipal de Santiago que lonxe de establecer un *númerus clausus* de membros, ábrese a posibilidade de que calquera organización, incluso sen estar formalmente constituída como entidade, sempre que desenvolva obxectivos xerais relacionados co Consello poida solicitar a súa participación, sendo preciso tan só: 1) Presentar una solicitude formal e 2) Que a mesma sexa aprobada polo Pleno do Consello.

É certo, que no artigo 4 do Regulamento do Consello Municipal de Persoas Maiores faise a mención expresa no apartado c) a Plataforma de Pensionistas de Compostela, ao consideralo como un merecido recoñecemento por ser a organización da que partiu a proposta da constitución deste Consello e por outra banda en recoñecemento da súa estreita colaboración tanto na redacción como en poner en marcha o Consello. Por outra banda, o borrador do Regulamento do Consello de Persoas Maiores estivo en exposición pública do 19/10/20 ao 05/11/20 sen que se fixera ningunha achega específica por parte das organización sindicais ao respecto. Nese período de tempo de exposición pública, ademais da exposición formal na web municipal, o texto achegouse individualmente a todas aquelas entidades/organización/administración con competencias no eido de persoas maiores inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións na sección de Maiores, e tan só se fixeron achegas pola organización promotora deste Consello, a Plataforma de Pensionistas de Compostela, e outras entidades, como a Asociación Compostela Solidaria ou as Aulas do Terceiro Ciclo da

USC, e a Xunta de Galicia amosaron tan só, dende ese intre o seu desexo de participar no Consello.

CONCLUSIÓN: Como se sinalou anteriormente considérase que o nivel de compromiso para o desenvolvemento da participación cidadá asumido neste regulamento dentro do noso marco legal é adecuado e suficiente para os fins que se pretenden polo que non se ten en conta a achega.

Así mesmo, o marco xurídico que establece o artigo 4 deste regulamento para forma parte como vogal a calquera entidade u/o organización/ con o sen personalidade xurídica que así o solicite e que acredite ter entre os seus fins relación co Consello é moi amplo, o que permite integrar as organización sindicais sen ter que facer mención expresa a mesmas motivo polo cal se desestima esta alegación.

b) Aclarar a súa redacción no sentido de distinguir entre órganos unipersoais (a presidencia, a vicepresidencia e a secretaría) e órganos colexiados (o pleno e, de ser o caso, a comisión permanente ou as comisións sectoriais)

CONCLUSIÓN: Non se ten en conta a achega, considérase que a natureza, organización e competencias destes órganos do Consello é clara e congruente para o desenvolvemento das funcións que se lles encomenda, tendo en conta o ámbito territorial municipal.

PROPOSTA

Á vista de canto antecede, propónse ao Pleno, que adopte os seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Admitir a trámite a alegación presentada pola Sra. Susana Méndez Rodríguez en representación da Conferencia Intersindical Galega, ao acreditar a súa lexitimación e interposición en prazo.

SEGUNDO.- Desestimar as consideracións presentadas pola Sra. Susana Méndez Rodríguez en representación da Conferencia Intersindical Galega, polos motivos expostos neste informe.

TERCEIRO.- Aprobar definitivamente o Regulamento do Consello Municipal de Persoas Maiores de Santiago de Compostela aprobado inicialmente en sesión plenaria de data 25 de marzo de 2021.

CUARTO.- O prazo para a constitución do Consello de Persoas Maiores do Concello de Santiago de Compostela será de UN MES, a partir da súa entrada en vigor trala aprobación polo Pleno Municipal e una vez publicado o texto integramente no Boletín Oficial da Provincia.

QUINTO.- Notificar o acordo adoptado ao respecto a quen presentase alegacións durante o período de información pública."

Rematado o debate o Pleno da Corporación acorda:

a) Por 10 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE e 13 abstencións correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do Partido Popular e de Compostela Aberta (8 PP e 5 CA), e 2 votos en contra das concelleiras correspondentes ao grupo municipal do Bloque Nacionalista

Galego, desestimar a alegación presentada pola Sra. Susana Méndez Rodríguez en representación da Confederación Intersindical Galega, polos motivos expostos no informe-proposta.

b) Por 17 votos a favor correspondentes ao concelleiros/as dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, de Compostela Aberta e do BNG (10 PSdeG-PSOE 5 CA e 2 BNG), e 8 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do Partido Popular, e polo tanto co quórum da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación:

PRIMEIRO.- Admitir a trámite a alegación presentada pola Sra. Susana Méndez Rodríguez en representación da Confederación Intersindical Galega, ao acreditar a súa lexitimación e interposición en prazo.

SEGUNDO.- Aprobar definitivamente o Regulamento do Consello Municipal de Persoas Maiores de Santiago de Compostela aprobado inicialmente en sesión plenaria de data 25 de marzo de 2021.

TERCEIRO.- O prazo para a constitución do Consello de Persoas Maiores do Concello de Santiago de Compostela será de UN MES, a partir da súa entrada en vigor trala aprobación polo Pleno Municipal e una vez publicado o texto integramente no Boletín Oficial da Provincia.

CUARTO.- Notificar o acordo adoptado ao respecto a quen presentase alegacións durante o período de información pública.

Consta no expediente informe da xefatura do servizo de persoal de data 15 de setembro do corrente ano, sobre a reclamación presentada, que ten o seguinte contido:

“ANTECEDENTES

O Pleno da Corporación, en sesión que tivo lugar o día 30 de xuño de 2021 aprobou inicialmente a modificación do cadro de persoal do ano 2021, o que se someteu a información pública polo prazo de 15 días hábiles mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia do 12 de xullo de 2021.

Con data do 2 de agosto de 2021, o colexio oficial de licenciados en educación física e en ciencias da actividade física e do deporte en Galicia presenta reclamación contra a citada modificación baseada en esencia no seguinte:

- No acordo plenario citado se modifica unha praza de técnico de administración xeral transformándoa nunha de técnico de administración especial, subescala técnica, clase técnicos medios, denominada técnico/a en programación deportes, grupo A2 de titulación que non entenden conforme a dereito xa que na relación de postos de traballo publicada no BOP de 15 de novembro de 2017 se inclúe un posto de técnico en deportes grupo A1 de titulación.

- Indican que o cadro de persoal non é o instrumento idóneo para a creación de postos nin para a determinación das características esenciais dos mesmos, co cal non cabe que o Concello cree a través do cadro, o posto de técnico en programación de deportes, e moito menos lle atribúa unhas características que non son conformes coa lexislación aplicable nin coas funcións a desempeñar. Deste xeito, a plantilla non pode

contradidir o disposto na RPT, nin crear un posto que non está incluído na RPT.

- Tamén indican que carece de xustificación que o nivel de titulación sexa o de grao en INEF ou equivalente e o grupo se estableza nun A2. Citan a disposición transitoria 3ª do RD Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do EBEP (en diante TREBEP) que establece a integración dos grupos de clasificación existentes á entrada en vigor da norma cos novos grupos, e sinalan que toda vez que o título universitario de grao é equivalente á titulación esixida no derogado grupo A de clasificación, o subgrupo que corresponde no presente caso é un A1. Isto é, manteñen que se antes do EBEP o grupo debía incluírse nun grupo A, porque a titulación esixida era a de licenciatura, pasando a ser a nova titulación a de grao, o posto debe enmarcarse no subgrupo A1.

- En terceiro lugar, entenden que un grupo A2 non se corresponde coas funcións a desempeñar, senón que o fai un grupo A1. As funcións do posto exceden do meramente deportivo ou técnico, con competencias moi técnicas de dirección, planificación e organización de distintos ámbitos e niveis no ámbito do deporte e a actividade física. Afirmen que o posto ten un nivel de responsabilidade elevado, atendidas as funcións a desempeñar, a toma de decisión e a autonomía do posto, e que non nos atopamos ante un posto que implique o exercicio de funcións meramente técnicas.

Por esa razón, solicitan se deixe sen efecto o acordo adoptado e se estableza que o posto de técnico en programación deportes pertence a un grupo A1 de clasificación.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro: Necesidade de creación e dotación presupostaria dunha praza para proceder á cobertura dun posto:

En primeiro lugar cómpre precisar que resulta máis que discutible a existencia de interese lexítimo do colexio para a impugnación do acordo de modificación da plantilla, dado que en ningún momento se veta a posibilidade dos seus colexiados a acceder á praza que se crea. Non obstante, entrárase no fondo da reclamación dende a óptica do artigo 170 do RD lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, que no seu apartado a) indica que os habitantes do territorio da respectiva entidade local terían a condición de interesados na impugnación dos actos de aprobación do orzamento, e un dos seus anexos é a plantilla municipal, malia que esta informante entende que se está actuando en defensa estrita da legalidade, sen existencia dun auténtico interese lexítimo.

Existe unha evidente confusión no corpo do escrito de reclamación entre a natureza das plantillas e as relacións de postos de traballo e as distintas finalidades de ambos instrumentos de ordenación do persoal. A plantilla contempla prazas, e a relación de postos de traballo postos, sendo que é necesaria a existencia da praza para cubrir un posto de traballo

A relación de postos de traballo á que alude o colexio efectivamente conta cun posto de traballo denominado “técnico deportes”, pertencente ao grupo A1 de titulación, do que non explicita o seu contido, a diferenza do posto denominado “técnico de programación e xestión deportiva”, ao que corresponde a xestión e programación da área de deportes en réxime de especial dedicación.

A pesar da existencia do posto de técnico en deportes, a praza non estaba creada, pois a única existente en plantilla é a correspondente ao posto de técnico en programación e xestión deportiva, ocupado na actualidade por persoal laboral fixo.

O Concello actúa nos termos que ofrece o artigo 90 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local, que dispón a aprobación cada ano (a través do orzamento), da plantilla, que é a que habilita para a creación dunha praza de técnico en programación de deportes, o que levará consigo a correspondente modificación da relación de postos de traballo por un órgano diferente, a Xunta de Goberno Local, ao ser ésta competente no réxime aplicable aos municipios de gran poboación. O Concello non podería cubrir o posto existente na relación de postos do ano 2017 ao non ter cobertura orzamentaria, nin praza de soporte.

Considérase que efectivamente existe unha diferente finalidade e contido entre a plantilla e a RPT municipal, pois a primeira alude unicamente ás prazas existentes - non aos postos de traballo-, e é só unha mera enumeración de ditas prazas clasificadas en función dos corpos, escalas, subescalas, clases e categorías. En cambio, a relación de postos de traballo é o instrumento de ordenación do persoal articulado xa sobre os distintos postos de traballo existentes conforme ao organigrama municipal do que queira dotarse a administración, nos termos do artigo 74 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, que dispón:

“Comprenderán, al menos, la denominación de los puestos, los grupos de clasificación profesional, los cuerpos o escalas, en su caso, a que estén adscritos, los sistemas de provisión y las retribuciones complementarias”

Aínda con este distinto contido e finalidade, é igualmente claro que téñen que existir unha vinculación entre unha e outra, pois, sendo a RPT o instrumento organizativo en canto aos distintos postos de traballo dos que se vai dotar a administración, é necesario que exista unha dotación presupostaria que outorgue viabilidade a eses postos que se vaian proveer.

Neste caso atopámonos cunha modificación da plantilla de persoal que supón a creación dunha praza na plantilla ou cadro -en virtude do exercicio da competencia de autoorganización-, coa correspondente dotación orzamentaria, para acto seguido proceder polo órgano competente á modificación da relación de postos de traballo para que esa praza, xa existente e prevista orzamentariamente, teña a súa correspondencia na relación de postos de traballo, procedendo seguidamente a convocar o procedemento selectivo para seleccionar funcionario interino ou de carreira, segundo a urxencia da cobertura.

Afondando no xa manifestado, o senso e finalidade da vinculación entre orzamento e plantilla ou cadro, e xunto a iso, a RPT municipal, é que todos os postos de traballo da entidade local que se vaian cubrir, contén coa suficiente dotación orzamentaria.

En contra do manifestado polo colexio reclamante, no cadro de persoal non se está creando un posto de traballo, senón dotando unha praza que terá correspondencia cun posto de traballo que o órgano competente (neste caso a Xunta de Goberno Local) incluíra na relación de postos de traballo.

Segundo: Adscripción a grupo/subgrupo de clasificación:

A mención á disposición transitoria 3ª do TREBEP que fan os alegantes non é acertada, por canto, e como tal disposición transitoria, regula a situación dos grupos de clasificación existentes antes da entrada en vigor do EBEP, é dicir, no ano 2007. Na actualidade, a titulación de grao serve para o acceso ao grupo A, onde se crea a praza na plantilla. Sen embargo, o grupo A conta con dous subgrupos, aos que se accede co mesmo título, de xeito que, tal e como indica o artigo 76 do TREBEP, a clasificación dos corpos ou escalas en cada subgrupo estará en función do nivel de responsabilidade, das funcións a desempeñar e das características das probas de acceso.

Como se detalla nos parágrafos anteriores a titulación requirida para acceso á Función Pública está determinado por grupos de clasificación e non por subgrupos; así no caso concreto da praza do subgrupo A2 que se crea no cadro de persoal deste concello para o Departamento de Deportes, para acceder á mesma será preciso a titulación de Licenciatura/Grao en INEF ou equivalente, é dicir, o mesmo requisito que para acceder a unha praza do subgrupo A1, como xa queda dito e reiterado en máis dunha ocasión neste informe.

Manteñen os alegantes que dadas as funcións a desempeñar, a toma de decisión e a autonomía do posto, nos atopamos cun nivel de responsabilidade elevado, e non diante dun posto que implique o exercicio de funcións meramente técnicas. Sen embargo, cómpre lembrar que o Departamento de Deportes xa conta cunha praza que se corresponde cun posto grupo A1 de titulación e nivel 24 de complemento de destino, ao que lle compete a dirección do departamento, por ser na pirámide xerárquica o de máis nivel, e que suma ás súas responsabilidades de programación, as de xestión do departamento, o que implica que o novo posto que se cree, correspondente á praza que se dota en plantilla, estará subordinado xerarquicamente ao do subgrupo A1 e maior nivel, e só terá labores de programación, ou ligadas á mesma, dado que a dirección corresponde ao xa dotado e existente do subgrupo 1.

Polas razóns expostas, infórmase desfavorablemente e propónse:

- a) Rexeitar a reclamación presentada polo colexio oficial de licenciados en educación física e en ciencias da actividade física e do deporte en Galicia.
- b) Aprobar definitivamente a modificación do cadro de persoal do Concello para o ano 2021, sen variacións con respecto á inicialmente aprobada en sesión plenaria de 30 de xuño de 2021."

A proposta presentada pola concelleira delegada de economía e facenda, persoal, contratación e modernización da administración, emitida con data 16 de setembro do corrente ano, sobre a resolución da reclamación presentada, ten o seguinte contido:

"O Pleno da Corporación, en sesión que tivo lugar o día 30 de xuño de 2021 aprobou inicialmente a modificación do cadro de persoal do ano 2021, o que se someteu a información pública polo prazo de 15 días hábiles mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia do 12 de xullo de 2021.

Con data 2 de agosto de 2021, o colexio oficial de licenciados en educación física e en ciencias da actividade física e do deporte en Galicia presenta reclamación contra a citada modificación, que foi obxecto do informe-proposta da Xefatura de Servizo de Persoal que consta no expediente.

En base ao mesmo, PROPOÑO AO PLENO DA CORPORACIÓN A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

- a) Rexeitar a reclamación presentada polo colexio oficial de licenciados en educación física e en ciencias da actividade física e do deporte en Galicia.
- b) Aprobar definitivamente a modificación do cadro de persoal do Concello para o ano 2021, sen variacións con respecto á inicialmente aprobada en sesión plenaria do 30 de xuño de 2021.”

Á vista da proposta transcrita, do informe da xefatura do servizo de persoal, e máis do ditame favorable da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Modernización da Administración, Facenda e Especial de Contas correspondente a súa sesión extraordinaria do pasado día 27 de setembro, o Pleno da Corporación, por 10 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, e 15 abstencións correspondentes aos concelleiros dos grupos municipais do PP, de CA e do BNG (8 PP, 5 CA e 2 BNG), acorda:

- a) Rexeitar a reclamación presentada polo colexio oficial de licenciados en educación física e en ciencias da actividade física e do deporte en Galicia.
- b) Aprobar definitivamente a modificación do cadro de persoal do Concello para o ano 2021, sen variacións con respecto ao inicialmente aprobado en sesión plenaria do 30 de xuño de 2021.

5. APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO CADRO DE PERSOAL PARA O ANO 2021, PREVENDO A FUNCIONARIZACIÓN.

A proposta da concelleira delegada de economía e facenda, persoal, contratación e modernización da administración local sobre a aprobación da modificación do cadro de persoal do ano 2021, prevendo a funcionarización, de data de 16 de setembro de 2021, ditaminada favorablemente na sesión extraordinaria da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Modernización da Administración, Facenda e Especial de Contas do pasado día 27, e sometida a votación o Pleno da Corporación por 10 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, e 15 votos en contra correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do Partido Popular, de Compostela Aberta e do BNG (8 PP, 5 CA e 2 BNG), polo que é rexeitada a aprobación da modificación do cadro de persoal para o ano 2021, prevendo a funcionarización.

6. APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO NÚM. 2021-CREXT-10, POR IMPORTE DE 370.493,48 EUROS.

Con relación ao expediente do epígrafe a concelleira delegada da área, emitiu a seguinte proposta:

“ANTECEDENTES

1. Vista a solicitude presentada pola de Economía, Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración Local, en base ao manifestado do director de Área de Recursos Humanos, Avaliación, Modernización e Réxime Interior, de solicitude de tramitación dun expediente de crédito extraordinario financiado con remanente líquido

de tesourería para gastos xerais do exercicio 2020.

2. Vista a comunicación de cesión de crédito asinada polo xefe de servizo de vías e Obras e o concelleiro delegado na materia en relación a unha serie de proxectos financiados con remanente líquido de tesourería para gastos xerais

3. Vista a providencia de incoación do expediente asinada pola Concelleira delegada de Economía e Facenda en data 16.09.2021, de incoación dun expediente de modificación de crédito, de crédito extraordinario -baixo a codificación 2021-CREXT-10 por un importe total de 370.493,48 €, financiado con remanente líquido de tesourería para gastos xerais do orzamento 2020 (RLTGX 2020 de aquí en diante). e con baixas por anulación.

4. Tendo en consideración a resolución nº 2021/2686 de 31.03.2021 da Concelleira delegada de Economía e Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración Local pola que se aproba a liquidación do Orzamento Municipal do exercicio 2020 do Concello de Santiago de Compostela e do organismo autónomo do Auditorio de Galicia, onde se recoñece a existencia dun Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais (RLTGX 2020 en diante) de importe 9.005.992,90 euros.

5. Vista a documentación achegada polo departamento de contratación relativa ao expediente CON/74/2020, denominado Subministración de vehículos eléctricos puros ou con etiqueta ambiental cero e de vehículos eléctricos híbridos ou con etiqueta ambiental eco e da infraestrutura de recarga para o uso dos vehículos adquiridos, distribuídos en 6 lotes.

6. Visto o informe favorable da Oficina Orzamentaria de data 17.09.2021 e con número de referencia 74/2021.

7. Visto o informe da Intervención Xeral Municipal en relación a este expediente de crédito extraordinario.

8. Visto o acordo da Xunta de Goberno extraordinaria e urxente de 17.09.2021 onde se tomou acordo de aprobación do expediente de crédito extraordinario 2021-CREXT-10.

CONSIDERACIÓNS

1. Normativa de aplicación:

Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), artigo 177.

Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en materia de Orzamentos, artigos 35, 36 e 37.

Real Decreto Lei 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

Real Decreto-lei 23/2020, de 23 de xuño, polo que se aproban medidas en materia da enerxía e noutros ámbitos para a reactivación económica.

Acordo do Congreso dos Deputados, na sesión do 20 de outubro de 2020 na que apreciou, por maioría absoluta dos seus membros, que se da unha situación de emerxencia extraordinaria que motiva a suspensión das regras fiscais.

Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura de orzamentos das Entidades Locais modificada pola Orde HAP/419/2014 de 14 de marzo.

Bases 12 e 13 das Bases de Execución do Orzamento do exercicio 2021.

2. Consonte co previsto no artigo 177 do real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, artigos 35,36 e 37 do Real Decreto 500/90 do 20 de abril, cando teña que realizarse algún gasto que non poida demorarse ao exercicio seguinte e non exista non orzamento actual o crédito suficiente para poder executalo, deberá incoarse un expediente de crédito extraordinario. O expediente deberá conter a concreta aplicación orzamentaria a dotar e o medio ou recurso que haberá de financiar o aumento que se propón.

Neste sentido, cómprese os requisitos para a aprobación dun expediente de crédito extraordinario, co número de expediente de referencia 2021-CREXT-10, posto que queda acreditada a especificidade e determinación do gasto proposto, a xustificación da súa necesidade e a seu carácter inmediato e urxente sen posibilidade de demora para o exercicio seguinte.

3. Tendo en conta a suspensión das regras fiscais estes créditos sobrantes, procedentes de baixas na adxudicación e execución das actuacións antes referidas, poden destinarse a financiar novas actuacións, como a que aquí se propón, coas limitacións que marca a normativa vixente. Neste sentido, normativa actual permite ás entidades locais, e para os exercicios 2020 e 2021, facer uso durante ese período dos remanentes de tesourería dispoñibles pola suspensión das regras fiscais que viñan sendo de aplicación, podendo destinar estes recursos financeiros ao financiamento de necesidades de gasto actuais nos Concellos e que sirvan de impulso na reconstrución económica e social ante a crise socioeconómica xerada pola COVID-19.

4. O expediente de crédito extraordinario que se presenta a aprobación, que se financia co remanente líquido de tesourería para gastos xerais do exercicio 2020, serve para habilitar crédito nunha serie de aplicacións orzamentarias que se crean novas no capítulo 6 do orzamento de gastos do exercicio 2021, integrados nos programas de gasto 13200 (policía local), 13500 (protección civil) e 13600 (servizo de extinción de incendios e salvamento) para responder á satisfacción das necesidades de vehículos eléctricos e infraestruturas de recarga manifestadas polos servizos correspondentes.

O importe da modificación orzamentaria proposta, modalidades crédito, é de **370.493,48** euros, e resulta necesaria e imprescindible ao non existir no orzamento municipal actual crédito axeitado e suficiente para atender á necesidade non prevista

no orzamento vixente O resumo da proposta de modificación orzamentaria aquí exposta tería o seguinte detalle:

CRÉDITO EXTRAORDINARIO						FINANCIAMENTO: RLT para GX 2020 e baixas por anulación		
DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN DE GASTO			PROXECTO DE GASTO	IMPORTE	TPO MC	DESCRIPCIÓN DETALLADA	IMPORTE
Subministro de 4 vehículos tipo turismo (etiqueta ECO) e 1 furgoneta eléctrica para a policía local	060	13200	6240002	2021 4 ELEPL 62	243.999,11	CE	Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais do exercicio 2020 pendentes de aplicar- aplicación de ingreso 87000	12.513,47
Subministro e instalación de infraestrutura de recarga (3) para a policía local	060	13200	6230002		19.495,52		Baixas por anulación en proxectos de gasto, financiadas con Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais do exercicio 2020 - aplicación de ingreso 87000	357.980,01
Subministro (1) vehículo tipo turismo eléctrico para o servizo de protección civil municipal	060	13500	6240002	2021 4 ELEPC 63	47.999,49			
Subministro e instalación de infraestrutura de recarga (1) para a policía local	060	13500	6230002		6.500,00			
Subministro dunha furgoneta eléctrica para o servizo de extinción de incendios e salvamento	060	13600	6240002	2021 4 ELEBO 64	45.999,36			
Subministro e instalación de infraestrutura de recarga (1) para o servizo de extinción de incendios e salvamento	060	13600	6230002		6.500,00			
					370.493,48			370.493,48

Esta proposta de crédito extraordinario finánciase, por unha banda, con remanente líquido de tesourería para gastos xerais do exercicio 2020 e, por outra bande, de baixas por anulación procedentes de crédito dispoñible que se considera sobranse de proxectos de gastos aos que inicialmente se destinou parte deste remanente. Esta dispoñibilidade comunícase desde o departamento de Vías e Obras. O detalle do proxecto e importes que financian ese modificativo de crédito é o seguinte:

RTLGX 2020 pendentes de aplicar	12.513,47
Baixas por anulación financiadas con RTLGX 2020	357.980,01€
Total financiamento	370.493,48

O detalle das baixas por anulación é o seguinte:

Aplicación orzamentaria	Importe euros
060 13200 6240002	243.999,11
060 13200 6230002	19.495,52
060 13500 6240002	47.999,49
060 13500 6230002	6.500,00
060 13600 6240002	45.999,36
060 13600 6230002	6.500,00
Total	370.493,48

Neste sentido, fíxose a operación contable RC que financia o crédito extraordinario con número de operación 220210017594 e números de referencia desde 22021008370 ao 22021008377, ambos inclusive, de importe total 357.980,01 euros.

PROPOSTA

Á vista de canto antecede, propónse ao Pleno da Corporación, que adopte o seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o expediente de crédito extraordinario nº 2021-CREXT-10, por un importe de **TRESCENTOS SETENTA MIL CATROCENTOS NOVENTA E TRES EUROS, CON CORENTA E OITO CÉNTIMOS DE EURO (370.493,48 EUROS)** financiado na con remanente líquido de tesourería para gastos xerais do Concello do exercicio 2020 por importe de 12.513,47€, e con baixas noutros créditos de gastos por importe de 357.980,01€ co obxecto de atender á adquisición de vehículos eléctricos puros e vehículos eléctricos con etiqueta ambiental ECO e infraestruturas de recarga ao amparo do réxime habilitado polo artigo 6 do Real Decreto Lei 23/2020, de 23 de xuño, tramitado inicialmente no expediente CON/74/2020.

Este expediente terá o seguinte detalle:

A) Habilitación de CRÉDITO EXTRAORDINARIO:

CRÉDITO EXTRAORDINARIO						FINANCIAMENTO: RLT para GX 2020 e baixas por anulación		
DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN DE GASTO			PROXECTO DE GASTO	IMPORTE	TPO MC	DESCRIPCIÓN DETALLADA	IMPORTE
Subministro de 4 vehículos tipo turismo (etiqueta ECO) e 1 furgoneta eléctrica para a policía local	060	13200	6240002	2021 4 ELEPL 62	243.999,11	CE	Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais do exercicio 2020 pendentes de aplicar- aplicación de ingreso 87000	12.513,47
Subministro e instalación de infraestrutura de recarga (3) para a policía local	060	13200	6230002		19.495,52		Baixas por anulación en proxectos de gasto, financiadas con Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais do exercicio 2020 - aplicación de ingreso 87000	357.980,01
Subministro (1) vehículo tipo turismo eléctrico para o servizo de protección civil municipal	060	13500	6240002	2021 4 ELEPC 63	47.999,49			
Subministro e instalación de infraestrutura de recarga (1) para a policía local	060	13500	6230002		6.500,00			
Subministro dunha furgoneta eléctrica para o servizo de extinción de incendios e salvamento	060	13600	6240002	2021 4 ELEBO 64	45.999,36			
Subministro e instalación de infraestrutura de recarga (1) para o servizo de extinción de incendios e salvamento	060	13600	6230002		6.500,00			
					370.493,48			370.493,48

B) Financiamento:

Baixas por anulación: **357.980,01€**

Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais do exercicio 2020 (pendente de aplicar): **12.513,47€**.

C) Resumo do expediente modificativo de crédito:

EXPRESIÓN	IMPORTE
1.- Total crédito extraordinario.....	370.493,48 €
Total suplemento de crédito.....	
2.- Financiamento	
a) Novos ingresos.....	
b) Baixas por anulación.....	357.980,01€
c) Remanente de tesourería para gastos xerais	12.513,47€

SEGUNDO: Na tramitación deste expediente de crédito extraordinario 2021-CREXT-10 serán de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade

aplicables á aprobación dos orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 20 e 22 do RD 500/1990 e 169 do TRLRFL (artigo 38.2 do RD 500/1990), polo que este expediente se expoñerá ao público durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL.

TERCEIRO: Elevar automaticamente a definitivo o expediente inicialmente aprobado de crédito extraordinario 2021-CREXT-10 se contra él non se formulase ningunha reclamación, e publicárase o resumo por capítulos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.”

Á vista da proposta transcrita, e máis do ditame favorable da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Modernización da Administración, Facenda e Especial de Contas, correspondente a súa sesión extraordinaria do día 27 de setembro do corrente ano, o Pleno da Corporación por 10 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE e 15 abstencións correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do Partido Popular, de CA e do BNG (8 PP, 5 CA e 2 BNG) acorda:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o expediente de crédito extraordinario nº 2021-CREXT-10, por un importe de TRESCENTOS SETENTA MIL CATROCENTOS NOVENTA E TRES EUROS, CON CORENTA E OITO CÉNTIMOS DE EURO (370.493,48 EUROS) financiado na con remanente líquido de tesourería para gastos xerais do Concello do exercicio 2020 por importe de 12.513,47€, e con baixas noutros créditos de gastos por importe de 357.980,01€ co obxecto de atender á adquisición de vehículos eléctricos puros e vehículos eléctricos con etiqueta ambiental ECO e infraestruturas de recarga ao amparo do réxime habilitado polo artigo 6 do Real Decreto Lei 23/2020, de 23 de xuño, tramitado inicialmente no expediente CON/74/2020.

Este expediente terá o seguinte detalle:

A) Habilitación de CRÉDITO EXTRAORDINARIO:

CRÉDITO EXTRAORDINARIO					TIPO MC	FINANCIAMENTO: RLT para GX 2020 e baixas por anulación		
DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN DE GASTO			PROXECTO DE GASTO		IMPORTE	DESCRIPCIÓN DETALLADA	IMPORTE
Subministro de 4 vehículos tipo turismo (etiqueta ECO) e 1 furgoneta eléctrica para a policía local	060	13200	6240002	2021 4 ELEPL 62	243.999,11	CE	Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais do exercicio 2020 pendentes de aplicar- aplicación de ingreso 87000	12.513,47
Subministro e instalación de infraestrutura de recarga (3) para a policía local	060	13200	6230002		19.495,52		Baixas por anulación en proxectos de gasto, financiadas con Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais do exercicio 2020 - aplicación de ingreso 87000	357.980,01
Subministro (1) vehículo tipo turismo eléctrico para o servizo de protección civil municipal	060	13500	6240002	2021 4 ELEPC 63	47.999,49			
Subministro e instalación de infraestrutura de recarga (1) para a policía local	060	13500	6230002		6.500,00			
Subministro dunha furgoneta eléctrica para o servizo de extinción de incendios e salvamento	060	13600	6240002	2021 4 ELEBO 64	45.999,36			
Subministro e instalación de infraestrutura de recarga (1) para o servizo de extinción de incendios e salvamento	060	13600	6230002		6.500,00			
					370.493,48			370.493,48

B) Financiamento:

Baixas por anulación: 357.980,01€

Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais do exercicio 2020 (pendente de aplicar): 12.513,47€.

C) Resumo do expediente modificativo de crédito:

EXPRESIÓN	IMPORTE
1.- Total crédito extraordinario.....	370.493,48 €
Total suplemento de crédito.....	
2.- Financiamento	
a) Novos ingresos.....	
b) Baixas por anulación.....	357.980,01€
c) Remanente de tesourería para gastos xerais	12.513,47€

SEGUNDO: Na tramitación deste expediente de crédito extraordinario 2021-CREXT-10 serán de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade aplicables á aprobación dos orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 20 e 22 do RD 500/1990 e 169 do TRLRFL (artigo 38.2 do RD 500/1990), polo que este expediente se expoñerá ao público durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL.

TERCEIRO: Elevar automaticamente a definitivo o expediente inicialmente aprobado de crédito extraordinario 2021-CREXT-10 se contra o mesmo non se formulase ningunha reclamación, e publicárase o resumo por capítulos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

7. PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE MEDIO AMBIENTE, DE BONIFICACIÓN DO CANON DE SOGAMA AÑO 2021.

A proposta da concelleira delegada de medio ambiente, en relación a bonificación do canon de SOGAMA ano 2021, de data 12 de agosto de 2021, ten o seguinte contido:

“ANTECEDENTES

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, mediante resolución de data 26 de xaneiro de 2021 publicada no DOG nº 20 do 1 de febreiro de 2021, fixo público o importe do canon unitario do tratamento por tonelada de residuos domésticos a aplicar á Sociedade Galega de Medio Ambiente SA (Sogama) para o ano 2021 que se fixa en 69,48 € mais IVE, así como do canon bonificado aplicable a dito ano que se fixa en 62,50 euros por tonelada de residuos domésticos xestionada máis o incremento do IVE. Este canon bonificado resulta aplicable ás entidades locais que cumpran no ano 2020 as condicións específicas establecidas no apartado tres bis da Disposición Adicional vixésimo primeira da Lei 11/2013, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.

En execución das mencionadas condicións específicas, no BOP da Coruña nº 114 o Concello de Santiago publicou a aprobación definitiva do expediente 2019/01 de modificación da ordenanza fiscal 3.16 de taxa por prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos que textualmente contempla:

“III) TEXTO DA NOVA DISPOSICIÓN ADICIONAL E DA DISPOSICIÓN FINAL DA

ORDENANZA FISCAL 3.16 DE TAXA POR PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA E TRATAMENTO DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS “Disposición adicional: Cando a Xunta de Galicia resolva aplicar para un exercicio a bonificación do canon unitario por tratamento de residuos domésticos de acordo coas condicións fixadas no punto tres bis da disposición adicional vixésimo primeira da Lei 11/2013, e aos efectos de manter o principio de equivalencia, aplicarase aos usuarios do servizo con tarifa incluída no apartado 5.1 un desconto en función do importe que supoña a minoración que estableza a Administración autonómica no canon. O Pleno, previo informe do servizo responsable da recollida de lixo, determinará: 1. O importe previsto de aforro no custo do canon como consecuencia da bonificación. 2. A porcentaxe de minoración a aplicar sobre a débeda neta nun único bimestre aos usuarios das tarifas incluídas no apartado 5.1. 3. O bimestre no que se aplique a porcentaxe de minoración aprobada, tendo en conta que debe permitir a acreditación do cumprimento das condicións consonte o disposto na normativa da Administración autonómica.”

CONSIDERACIÓNS

De conformidade con esto, aos efectos de trasladar aos usuarios do servizo da tarifa incluída no apartado 5.1 da Ordenanza fiscal 3.16, elaborouse un informe por parte da técnica de Medio Ambiente onde se determina o importe previsto de aforro do canon con Sogama como consecuencia da bonificación e a porcentaxe da débeda neta a aplicar a eses usuarios.

O contrato formalizado entre o Concello e SOGAMA atópase actualmente prorrogado en virtude do disposto na resolución do 15 de decembro de 2014, publicada no DOG do 19/12/2014 sobre as condicións de adhesión das entidades locais ao sistema de xestión de residuos domésticos xestionados por SOGAMA.

De conformidade co exposto, **PROPOÑO AO PLENO DA CORPORACIÓN** a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Establecer o importe previsto de aforro no custo do canon Sogama como consecuencia da bonificación en 280.045,98 euros.

Segundo: Establecer a porcentaxe de minoración a aplicar sobre a débeda neta nun único bimestre aos usuarios das tarifas incluídas no apartado 5.1 da Ordenanza fiscal 3.16 en 27,02%.

Terceiro: Aplicar a porcentaxe de minoración aprobada no 5º bimestre de 2021.

Darase traslado do presente acordo á empresa VIAQUA ao obxecto de que realice as actuacións que procedan para emitir os recibos bonificados aos usuarios que corresponda.

Aos efectos de acreditar ante a Consellería de Medio Ambiente o cumprimento dos requisitos esixidos pola mencionada Disposición Adicional vixésimo primeira tres bis da Lei 3/2018, de 26 de decembro emitíranse as certificacións que procedan dentro dos dous primeiros meses do ano 2022.”

Á vista da proposta transcrita, máis do ditame favorable da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Modernización da Administración, Facenda e Especial de Contas correspondente á sesión extraordinaria do día 27 de setembro do corrente ano, e demais documentación que obra no expediente, o Pleno da Corporación por

unanimidade acorda:

Primeiro: Establecer o importe previsto de aforro no custo do canon Sogama como consecuencia da bonificación en 280.045,98 euros.

Segundo: Establecer a porcentaxe de minoración a aplicar sobre a débeda neta nun único bimestre aos usuarios das tarifas incluídas no apartado 5.1 da Ordenanza fiscal 3.16 en 27,02%.

Terceiro: Aplicar a porcentaxe de minoración aprobada no 5º bimestre de 2021.

Darase traslado do presente acordo á empresa VIAQUA ao obxecto de que realice as actuacións que procedan para emitir os recibos bonificados aos usuarios que corresponda.

Aos efectos de acreditar ante a Consellería de Medio Ambiente o cumprimento dos requisitos esixidos pola mencionada Disposición Adicional vixésimo primeira tres bis da Lei 3/2018, de 26 de decembro emitíranse as certificacións que procedan dentro dos dous primeiros meses do ano 2022.

8. PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE ECONOMÍA E FACENDA, DE DECLARACIÓN DE PRESCRICIÓN DAS FACTURAS DE FERROVIAL 2017/2210 E 2018/2282.

A proposta da concelleira delegada de economía e facenda, en relación ao asunto do epígrafe, ten o seguinte contido:

“Visto o informe conxunto dos órganos de intervención municipal e contabilidade e xestión orzamentaria, de 26 de xullo de 2021 que se reproducen literalmente:

No cumprimento do establecido no artigo 4 do RD 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da Administración local, con habilitación de carácter nacional, con base en:

Lexislación aplicable:

Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Código Civil.

Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve a LRFL.

Antecedentes de feito e fundamentos xurídicos:

“**Primeiro:** Con data de 17.02.2017 figuran rexistradas no rexistro contable de facturas do Concello de Santiago de Compostela as facturas número 2017/2210 e 2017/2282 emitidas por Ferrovial Servicios SA co seguinte detalle:

Nº Entrada	de	Fecha	Nº Documento	de	Fecha Dto.	Importe Total	Situación	Operación OPA	Tercero	Nombre	Texto Explicativo
---------------	----	-------	-----------------	----	------------	------------------	-----------	---------------	---------	--------	-------------------

F/2017/2210	17/02/2017	5600066793	31/01/2017	23.363,29	Pend. Ppto	Aplicar	220170040450	A80241789	FERROVIAL SERVICIOS SA	- DIA ALQUILER GRUPO ELECTROGENO 300 KVA PARA ALIMENTACION A PISTA DE HIELO 24 HORAS. SE INCLUYE DEPOSITO DE GASOIL DE 1
F/2017/2282	17/02/2017	5600062576	31/12/2016	13.205,34	Pend. Ppto	Aplicar	220170040450	A80241789	FERROVIAL SERVICIOS SA	- DIA ALQUILER GRUPO ELECTROGENO 300 KVA PARA ALIMENTACION A PISTA DE HIELO 24 HORAS. SE INCLUYE DEPOSITO DE GASOIL DE 1
			TOTAL	36.568,63						

As facturas figuran na actualidade rexistradas na contabilidade municipal polo importe total 36.568,63€ na conta financiera 413 actualmente denominada “Acredores por operación vindicadas” en virtude da modificación dos Planes de Contas Locais aprobada pola Orde HAC/1364/2018, de 12 de decembro (BOE 308/2018).

No expediente consta únicamente copia das dúas facturas mencionadas e copia do informe da Intervención Municipal número 604/2017 de 3 de agosto, de reparo suspensivo e comunicación ao centro xestor para que formule as alegacións no caso de estar disconforme, previamente á elevación ao Pleno para a resolución da discrepancia.

Segundo: O artigo 25 da Lei 47/2003, de 26 de novembro Xeral Orzamentaria indica:

“1. Salvo o establecido por leis especiais, prescribirán aos catro anos: a) O dereito ao recoñecemento ou liquidación pola Facenda Pública estatal de toda obrigación que non se solicitou coa presentación dos documentos xustificativos. O prazo contarase desde a data en que se concluíu o servizo ou a prestación determinante da obrigación ou desde o día en que o dereito puido exercitarse.” (...)”2. Coa expresada condición en favor de leis especiais, a prescripción interromperase conforme ás disposicións do Código Civil. 3. As obrigacións a cargo da Facenda Pública estatal que prescribisen, serán baixa nas respectivas contas, previa tramitación do oportuno expediente.”

Terceiro: As facturas anteriores foron rexistradas na contabilidade municipal o día 17.02.2017, data que segundo o artigo anterior, debe considerarse como “diez a quo” para o cómputo do prazo de catro anos para esixir o dereito ao recoñecemento ou liquidación da obriga polos acredores lexítimos ou dos seus dereitohabentes.

En canto ás obrigas pendentes de recoñecer arriba indicadas, no expediente que consta na Intervención Municipal e na Oficina de Contabilidade e Xestión Orzamentaria, non figura que foran reclamadas en vía administrativa nin tampouco perante os tribunais. Así dos antecedentes que obran no expediente non se desprende a interrupción do prazo de prescripción do dereito a recoñecer a obriga contra a facenda local.

Por aplicación do artigo 25 da Lei Xeral Orzamentaria (Lei 47/2003 do 26 de novembro) o prazo de prescripción comezou a computarse dende as datas indicadas; tendo transcorrido para elas máis de 4 anos.

O artigo 25.3 da Lei Xeral Orzamentaria dispón que as obrigas a cargo da Facenda Pública que prescribiran, serán dadas de baixa nas respectivas contas, previa tramitación do oportuno expediente.

Cuarto: A competencia para aprobar as operacións que afectan á exercicios pechados non está regulada especificamente na LBRL nin no TRLRFL. De acordo coa

interpretación que ven realizando o Tribunal de Contas, nos seus informes de fiscalización das Contas das Entidades Locais, a competencia para declarar a prescrición de obrigas e modificación de saldos de contas de exercicios pechados está atribuída ao Pleno, en caso de afecte as Contas Xerais correspondentes a exercicios pechados, aprobadas polo Pleno. Tendo en conta que estas facturas figuran rexistradas nos estados contables que forman parte da Conta Xeral dos anos 2017, 2018, 2019, (e de 2020 en fase de tramitación) en concreto no apartado 24.7 da memoria “Acredores por operacións vindicadas” (conta financeira 6210), se considera que o órgano competente para declarar a prescrición do recoñecemento da obriga é o Pleno do Concello de Santiago de Compostela.

Quinto: En canto ó procedemento a seguir, de acordo co artigo 82 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, procedería notificar aos interesados o acordo inicial ou provisional de declaración da prescrición do recoñecemento das obrigas vinculadas ás facturas mencionadas:

“1. Instruídos os procedementos, e inmediatamente antes de redactar a proposta de resolución, poñeranse de manifesto aos interesados ou, no seu caso, aos seus representantes, para o que se terán en conta as limitacións previstas no seu caso na Lei 19/2013, do 9 de decembro.”(...) 2. Os interesados, nun prazo non inferior a dez días nin superior a quince, poderán alegar e presentar os documentos e xustificacións que estimen pertinentes. 3. Se antes do vencemento do prazo os interesados manifestan a súa decisión de non efectuar alegacións nin achegar novos documentos ou xustificacións, terase por realizado o trámite. 4. Poderase prescindir do trámite de audiencia cando non figuren no procedemento nin sexan tidos en conta na resolución outros feitos nin outras alegacións e probas que as aducidas polo interesado.”

Aprobado inicialmente polo Pleno, o acordo de prescrición do recoñecemento da obriga correspondente ás facturas anteriores, polo transcurso do prazo de 4 anos dende a data de rexistro dos xustificantes mencionados, sen que se teña exercitado dereito algún por parte dos titulares para esixir o seu recoñecemento, en aplicación do artigo 83 da mesma norma, procedería someter o expediente a un período de información pública, por un prazo de non inferior a 20 días hábiles, mediante anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos do Concello. Durante este prazo os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas:

“1. O órgano ao que corresponda a resolución do procedemento, cando a natureza deste requírao, poderá acordar un período de información pública. 2. Para ese efecto, publicarase un anuncio no Diario oficial correspondente #a fin de que calquera persoa física ou xurídica poida examinar o expediente, ou a parte do mesmo que se acorde. O anuncio sinalará o lugar de exhibición, debendo estar en todo caso ao dispor das persoas que o soliciten a través de medios electrónicos na sede electrónica correspondente, e determinará o prazo para formular alegacións, que en ningún caso poderá ser inferior a vinte días. 3. A incomparecencia neste trámite non impedirá aos interesados interpoñer os recursos procedentes contra a resolución definitiva do procedemento. A comparecencia no trámite de información pública non outorga, por si mesma, a condición de interesado. Con todo, quen presente alegacións ou observacións neste trámite teñen dereito a obter da Administración unha resposta razoada, que poderá ser común para todas aquelas alegacións que expoñan cuestións substancialmente iguais.”

No suposto de existir reclamacións, estas serán resoltas e tidas en conta con carácter

previo á aprobación definitiva do expediente. No suposto de estimarse algunha reclamación que paga preciso o recoñecemento da obriga declarada provisionalmente prescrita, habilitarase o crédito necesario mediante a modificación orzamentaria correspondente. De non presentarse reclamacións no prazo anterior, a aprobación inicial do expediente entenderase automaticamente elevada a definitiva; e deberá ser publicada, en aplicación do artigo 83 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos do Concello.

CONCLUSIÓN:

Se propón que por parte da Concellería de Facenda se realicen as actuacións descritas anteriormente relativas ó procedemento de declaración de prescrición das facturas:

Nº de Entrada	de	Fecha	Nº de Documento	de	Fecha Dto.	Importe Total	Situación	Operación	Tercero	Nombre	Texto Explicativo
F/2017/2210		17/02/2017	5600066793		31/01/2017	23.363,29	Pend. Aplicar Ppto	220170040450	A80241789	FERROVIAL SERVICIOS SA	- DIA ALQUILER GRUPO ELECTROGENO 300 KVA PARA ALIMENTACION A PISTA DE HIELO 24 HORAS. SE INCLUYE DEPOSITO DE GASOIL DE 1
F/2017/2282		17/02/2017	5600062576		31/12/2016	13.205,34	Pend. Aplicar Ppto	220170040450	A80241789	FERROVIAL SERVICIOS SA	- DIA ALQUILER GRUPO ELECTROGENO 300 KVA PARA ALIMENTACION A PISTA DE HIELO 24 HORAS. SE INCLUYE DEPOSITO DE GASOIL DE 1
					TOTAL	36.568,63					

Visto cando antecede, e tendo en conta a normativa aplicable, propónse ao pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar inicialmente a prescrición do dereito ao recoñecemento da liquidación das obrigas polo transcurso do prazo de 4 anos dende a data do rexistro contable das facturas sen que se teña exercitado dereito algún por parte dos titulares a esixir o seu recoñecemento; así como aprobar inicialmente o correspondente expediente de prescrición do dereito ao recoñecemento de obrigas, relativo as facturas:

Nº de Entrada	de	Fecha	Nº de Documento	de	Fecha Dto.	Importe Total	Situación	Operación	Tercero	Nombre	Texto Explicativo
F/2017/2210		17/02/2017	5600066793		31/01/2017	23.363,29	Pend. Aplicar Ppto	220170040450	A80241789	FERROVIAL SERVICIOS SA	- DIA ALQUILER GRUPO ELECTROGENO 300 KVA PARA ALIMENTACION A PISTA DE HIELO 24 HORAS. SE INCLUYE DEPOSITO DE GASOIL DE 1
F/2017/2282		17/02/2017	5600062576		31/12/2016	13.205,34	Pend. Aplicar Ppto	220170040450	A80241789	FERROVIAL SERVICIOS SA	- DIA ALQUILER GRUPO ELECTROGENO 300 KVA PARA ALIMENTACION A PISTA DE HIELO 24 HORAS. SE INCLUYE DEPOSITO DE GASOIL DE 1
					TOTAL	36.568,63					

Segundo: Notificar aos interesados ou no seu caso aos seus representantes, o acordo inicial ou provisional de declaración da prescrición do recoñecemento das obrigas vinculadas ás facturas mencionadas, outogándolles un prazo de dez días nos que, poderán alegar e presentar os documentos e xustificacións que estimen pertinentes. Se antes do vencemento do prazo os interesados manifestan a súa decisión de non efectuar alegacións nin achegar novos documentos ou xustificacións,

terase por realizado o trámite.

Terceiro: Someter o expediente a un período de información pública, por un prazo de 20 días hábiles, mediante anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos do Concello. Durante este prazo os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Cuarto: No suposto de existir reclamacións, estas serán resoltas e tidas en conta con carácter previo á aprobación definitiva do expediente. No suposto de estimarse algunha reclamación que paga preciso o recoñecemento da obriga declarada provisionalmente prescrita, habilitarase o crédito necesario mediante a modificación orzamentaria correspondente. De non presentarse reclamacións no prazo anterior, a aprobación inicial do expediente entenderase automaticamente elevada a definitiva; e será publicada, en aplicación do artigo 83 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas,

Quinto: Finalmente, declarar extinguido o dereito ó recoñecemento da obriga correspondente as facturas e a súa baixa no rexistro contable de facturas:

Nº de Entrada	Fecha	Nº de Documento	Fecha Dto.	Importe Total	Situación	Operación	Tercero	Nombre	Texto Explicativo
F/2017/2210	17/02/2017	5600066793	31/01/2017	23.363,29	Pend. Aplicar Ppto	220170040450	A80241789	FERROVIAL SERVICIOS SA	DIA ALQUILER GRUPO ELECTROGENO 300 KVA PARA ALIMENTACION A PISTA DE HIELO 24 HORAS. SE INCLUYE DEPOSITO DE GASOIL DE 1
F/2017/2282	17/02/2017	5600062576	31/12/2016	13.205,34	Pend. Aplicar Ppto	220170040450	A80241789	FERROVIAL SERVICIOS SA	DIA ALQUILER GRUPO ELECTROGENO 300 KVA PARA ALIMENTACION A PISTA DE HIELO 24 HORAS. SE INCLUYE DEPOSITO DE GASOIL DE 1
			TOTAL	36.568,63					

E para acadar que a contabilidade reflicta a imaxe fiel do seu patrimonio, da súa situación financeira, resultado económico-patrimonial e da execución do seu orzamento, a baixa dos saldos anteriores na conta 413 "Acredores por operacións vindicadas".

Á vista da proposta transcrita, máis do ditame favorable da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Modernización da Administración, Facenda e Especial de Contas, correspondente a súa sesión extraordinaria do pasado día 27, o Pleno da Corporación por 18 votos a favor, correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e do PP (10 PSdeG-PSOE e 8 PP), e 7 abstencións correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais de CA e do BNG (5 CA e 2 BNG), acorda:

Primeiro: Aprobar inicialmente a prescrición do dereito ao recoñecemento da liquidación das obrigas polo transcurso do prazo de 4 anos dende a data do rexistro contable das facturas sen que se teña exercitado dereito algún por parte dos titulares a esixir o seu recoñecemento; así como aprobar inicialmente o correspondente expediente de prescrición do dereito ao recoñecemento de obrigas, relativo as facturas:

Nº de Entrada	Fecha	Nº de Documento	Fecha Dto.	Importe Total	Situación	Operación	Tercero	Nombre	Texto Explicativo
---------------	-------	-----------------	------------	---------------	-----------	-----------	---------	--------	-------------------

F/2017/2210	17/02/2017	5600066793	31/01/2017	23.363,29	Pend. Aplicar Ppto	220170040450	A80241789	FERROVIAL SERVICIOS SA	- DIA ALQUILER GRUPO ELECTROGENO 300 KVA PARA ALIMENTACION A PISTA DE HIELO 24 HORAS. SE INCLUYE DEPOSITO DE GASOL DE 1
F/2017/2282	17/02/2017	5600062576	31/12/2016	13.205,34	Pend. Aplicar Ppto	220170040450	A80241789	FERROVIAL SERVICIOS SA	- DIA ALQUILER GRUPO ELECTROGENO 300 KVA PARA ALIMENTACION A PISTA DE HIELO 24 HORAS. SE INCLUYE DEPOSITO DE GASOL DE 1
TOTAL				36.568,63					

Segundo: Notificar aos interesados ou no seu caso aos seus representantes, o acordo inicial ou provisional de declaración da prescrición do recoñecemento das obrigas vinculadas ás facturas mencionadas, outogándolles un prazo de dez días nos que, poderán alegar e presentar os documentos e xustificacións que estimen pertinentes. Se antes do vencemento do prazo os interesados manifestan a súa decisión de non efectuar alegacións nin achegar novos documentos ou xustificacións, terase por realizado o trámite.

Terceiro: Someter o expediente a un período de información pública, por un prazo de 20 días hábiles, mediante anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos do Concello. Durante este prazo os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Cuarto: No suposto de existir reclamacións, estas serán resoltas e tidas en conta con carácter previo á aprobación definitiva do expediente. No suposto de estimarse algunha reclamación que paga preciso o recoñecemento da obriga declarada provisionalmente prescrita, habilitarase o crédito necesario mediante a modificación orzamentaria correspondente. De non presentarse reclamacións no prazo anterior, a aprobación inicial do expediente entenderase automaticamente elevada a definitiva; e será publicada, en aplicación do artigo 83 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas,

Quinto: Finalmente, declarar extinguido o dereito ó recoñecemento da obriga correspondente as facturas e a súa baixa no rexistro contable de facturas:

Nº de Entrada	Fecha	Nº de Documento	Fecha Dto.	Importe Total	Situación	Operación	Tercero	Nombre	Texto Explicativo
F/2017/2210	17/02/2017	5600066793	31/01/2017	23.363,29	Pend. Aplicar Ppto	220170040450	A80241789	FERROVIAL SERVICIOS SA	DIA ALQUILER GRUPO ELECTROGENO 300 KVA PARA ALIMENTACION A PISTA DE HIELO 24 HORAS. SE INCLUYE DEPOSITO DE GASOL DE 1
F/2017/2282	17/02/2017	5600062576	31/12/2016	13.205,34	Pend. Aplicar Ppto	220170040450	A80241789	FERROVIAL SERVICIOS SA	DIA ALQUILER GRUPO ELECTROGENO 300 KVA PARA ALIMENTACION A PISTA DE HIELO 24 HORAS. SE INCLUYE DEPOSITO DE GASOL DE 1
TOTAL				36.568,63					

E para acadar que a contabilidade reflicta a imaxe fiel do seu patrimonio, da súa situación financeira, resultado económico-patrimonial e da execución do seu orzamento, a baixa dos saldos anteriores na conta 413 "Acredores por operacións vindicadas".

9. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA A REALIZACIÓN DUN PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIONS.

Con data 20 de setembro de 2021, foi a presentada a seguinte proposición:

“O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte proposición para o seu debate en Pleno para a realización dun plan estratéxico de subvencións públicas por concorrência.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En xullo de 2016, o BNG trasladou a Pleno unha iniciativa relativa á conveniencia da redacción dun plan estratéxico de subvencións que camiñase cara ao adelgazamento das axudas nominativas co fin de favorecer unha maior eficacia, eficiencia e control dos cartos públicos.

O grupo municipal do PSOE presentou unha emenda de adición para que ese plan de subvencións se elaborase con medios propios e, ademais, propuña engadir un terceiro punto para que na aprobación, seguimento e avaliación dese plan estratéxico de subvencións se procedese a crear unha Comisión de seguimento, en que se integrasen a Intervención xeral, unha persoa representante de cada unha das áreas e entidades xestoras de subvencións, así como representantes de cada grupo político da Corporación. A emenda foi aceptada e o PSOE votou a favor da proposta do BNG.

Porén, co paso dos anos, detéctase un incremento progresivo e constante das axudas nominativas, que pasaron de 955.000 euros en 2015 a 1.618.208 euros en 2021, que supón un incremento do 69%, pese ás demandas de diversos colectivos para unha maior transparencia e igualdade de oportunidades. Faise necesario un incremento das axudas públicas para entidades sociais, regulada e avaliada por proxectos, cunha colaboración especial para traballos que non funcione por rutina nin estableza cantidades sen ningún tipo de criterio.

Á vista dos datos, o Concello de Santiago débese dotar dun procedemento e dunha normativa necesaria que favoreza unha maior eficacia, eficiencia e control das axudas públicas, para o que resulta conveniente a redacción e posterior aprobación dese plan estratéxico de subvencións.

De feito, esta proposta está recollida na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, onde se establecen os criterios de adxudicación das subvencións os órganos das administracións públicas ou calquera ente que propoña o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións os obxectivos e efectos que se pretendan coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsíbeis e as súas fontes de financiamento, supeditándose en todo caso ao cumprimento dos obxectivos da estabilidade orzamentaria. A xestión das subvencións a que se refiren esas leis realizaranse de acordo aos principios de publicidade, transparencia, concorrência, obxectividade, igualdade, non discriminación e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos entre outros.

As subvencións nominativas están amparadas pola lei de subvencións, mais a flexibilidade existente nelas, levadas ao extremo, pode converterse en arbitrariedade. Cómpren cambios para selar as vías de auga polas que escapan os cartos públicos, estes procedementos opacos en que ás veces se subvencionan persoas ou institucións concretas e non proxectos de interese público mediante convenios e deben tender a procedementos transparentes de concorrência competitiva. É preciso camiñar cara ao adelgazamento das subvencións nominativas -que non da asignación

de recursos ás entidades- en aras dunha mellor rigorosidade e transparencia na xestión.

Máis alá do cumprimento da legalidade, é evidente que a aposta pola libre concorrência garante dunha maneira moito máis efectiva e transparente a asignación de cartos públicos a persoas ou entidades públicas ou privadas.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG presenta para a súa aprobación a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

1. Que o Goberno local elabore, con medios propios, un plan estratéxico de subvencións e se camiñe cara ao adelgazamento das subvencións nominativas de cara aos próximos orzamentos municipais.

2. Mentres o plan non se realiza, o Goberno local comprométese a elaborar unha liña de subvencións destinada a entidades que traballen no ámbito dos servizos sociais con recursos suficientes para que poidan desenvolver o seu labor neste período de especial dificultade derivado da crise da pandemia da covid-19.

3. Para a aprobación, seguimento e avaliación do plan estratéxico de subvencións, procederase á creación dunha Comisión de seguimento en que se integrarán a Intervención xeral do Concello, unha persoa representante de cada unha das áreas e entidades xestoras de subvencións, así como representantes de cada grupo político da Corporación. Esta Comisión deberá avaliar, polo menos, os seguintes termos:

a) Información de cada liña e tipo de subvención proposta, así como as subvencións concedidas, xustificadas, as renunciadas e as reintegradas (ou en procedemento de reintegro).

b) O grao de cumprimento dos seus obxectivos específicos, do seu prazo de consecución.

c) Os custos efectivos en relación aos previsibles, do seu plan de acción e dos seus indicadores cuantificábeis.

d) Repercusións orzamentarias e financeiras que se derivan da aplicación do plan.

e) Suxestións para a elaboración do Plan Estratéxico de Subvencións.”

A proposición transcrita presenta emenda o grupo municipal do PP, na que propón a substitución do punto 2, coa seguinte redacción:

“2. Mentres o plan non se realiza, o Goberno local comprométese a utilizar os instrumentos normativos existentes, nomeadamente a Lei de subvencións, para continuar atendendo ás diversas necesidades de entidades e colectivos, considerando sempre a ponderación do uso dos principios xerais de publicidade, transparencia, concorrência, obxectividade, igualdade, non discriminación e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos, entre outros e na medida do posible.”

Rematado o debate, e despois de ser aceptada polo BNG a emenda transcrita, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do BNG, de CA e do PP (2 BNG, 5 CA e 8 PP), e 10 abstencións

correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda:

1. Que o Goberno local elabore, con medios propios, un plan estratéxico de subvencións e se camiñe cara ao adelgazamento das subvencións nominativas de cara aos próximos orzamentos municipais.

2. Mentres o plan non se realiza, o Goberno local comprométese a utilizar os instrumentos normativos existentes, nomeadamente a Lei de subvencións, para continuar atendendo ás diversas necesidades de entidades e colectivos, considerando sempre a ponderación do uso dos principios xerais de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade, non discriminación e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos, entre outros e na medida do posible.

3. Para a aprobación, seguimento e avaliación do plan estratéxico de subvencións, procederase á creación dunha Comisión de seguimento en que se integrarán a Intervención xeral do Concello, unha persoa representante de cada unha das áreas e entidades xestoras de subvencións, así como representantes de cada grupo político da Corporación. Esta Comisión deberá avaliar, polo menos, os seguintes termos:

a) Información de cada liña e tipo de subvención proposta, así como as subvencións concedidas, xustificadas, as renunciadas e as reintegradas (ou en procedemento de reintegro).

b) O grao de cumprimento dos seus obxectivos específicos, do seu prazo de consecución.

c) Os custos efectivos en relación aos previsibles, do seu plan de acción e dos seus indicadores cuantificábeis.

d) Repercusións orzamentarias e financeiras que se derivan da aplicación do plan.

e) Suxestións para a elaboración do Plan Estratéxico de Subvencións.

10. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA CREAR UN PLAN DE REACTIVACIÓN ECONÓMICA PARA ZONAS AFECTADAS POR OBRAS.

Con data 20 de setembro de 2021, foi presentada a proposición do epígrafe, que ten o seguinte contido:

“O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte proposición para o seu debate en Pleno para a creación dun plan de reactivación económica para zonas afectadas por obras.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Goberno local mantivo durante a tempada alta a realización de obras en rúas moi transitadas, o que ocasionou severas perdas económicas a pequenos negocios de comercio, bares e restaurantes, fundamentalmente. Isto produciuse nun período de desescalada da pandemia da covid-19, cando podería coincidir o inicio da súa recuperación.

A inicios de agosto anunciouse unha prórroga nos traballos da rúa dos Concheiros,

coa ampliación até o 12 de novembro. A falta de planificación destas obras, coa rúa cortada ao tráfico e a mala adecuación de paso para peóns nunha grande amplitude en vez de realizar a actuación por tramos e informando a veciñanza, xunto coas modificacións do proxecto derivadas de imprevistos que provocaron un incremento dos prazos motivou que estes comercios, bares e restaurantes atravesasen un verán con dificultades para a súa supervivencia.

De feito, estes negocios dos Concheiros que permaneceron abertos durante as obras estiman que reduciron a facturación en máis dun 50% á parte dos que optaron por pechar.

A isto hai que engadir o malestar xerado na veciñanza por non habilitar zonas de paso seguras e sen risco de caídas e lesións, á parte da sucidade que xeran as obras e da proliferación de ratas que saíron á superficie.

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

O Goberno local habilitará unha partida económica específica para crear un plan de reactivación económica para zonas afectadas polas obras e consensuará cos sectores afectados como comercio e hostalaría, entre outros, e dentro das marxes legais e competenciais, o obxecto e procedemento da subvención.”

O Pleno da Corporación por 7 votos a favor, correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do BNG e de CA (2 BNG e 5 CA), e 18 abstencións correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e do PP (10 PSdeG-PSOE e 8 PP), acorda que o Goberno local habilite unha partida económica específica para crear un plan de reactivación económica para zonas afectadas polas obras e consensúe cos sectores afectados como comercio e hostalaría, entre outros, e dentro das marxes legais e competenciais, o obxecto e procedemento da subvención.

11. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DE CA PARA ACTUAR URGENTEMENTE NO ÁMBITO URBANO DAS FACULTADES DE XEOGRAFÍA E HISTORIA E FILOSOFÍA.

Foi presentada con data 21 de setembro de 2021, a seguinte proposición:

“O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte proposición para o seu debate no Pleno. O obxecto do acordo procura actuar urgentemente nun ámbito urbano da cidade histórica moi sensible como é o da contorna de Mazarelos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A Universidade de Santiago de Compostela é a institución académica referente para o conxunto de Galicia, alén de ser unha das máis destacadas e antigas de Europa. O Concello de Santiago debe escoitar á Universidade, e debe manter varias vías de colaboración coa mesma. É necesario establecer sinerxias e aproveitar a potencialidade da Universidade como fonte de coñecemento, mais tamén hai que ser capaz de integrar a institución na trama urbana e social que desexamos para a nosa cidade. Recentemente, tanto o decanato da Facultade de Xeografía e Historia como o decanato da Facultade de Filosofía da USC teñen mostrado a súa preocupación pola situación que ambos centros padecen en relación ao tránsito libre de vehículos

privados na súa contorna.

Ambas facultades situadas na cidade histórica presentan unha problemática común derivada do elevado tránsito rodado provocado pola circulación libre polo Arco de Mazarelos. E desde ambos centros apóstase pola peonalización e humanización do espazo, unha demanda que non pode tomarse á lixeira se temos en conta que entre os dous centros envolven a case 2.000 persoas entre alumnado, profesorado e persoal de xestión da propia Universidade. Estas cifras significan que estamos a falar dun dos focos de maior movemento de peóns de toda a zona vella, dous equipamentos universitarios singulares e que fan parte da nosa identidade colectiva. E é precisamente nunha zona de tanta densidade humana, e polo tanto moi sensible, o único espazo intramuros que aínda non está peonalizado e co tránsito restrinxido, e onde tanto as persoas como o patrimonio monumental están sometidas a un caos circulatorio, estacionamento irregular e moitas outras agresións.

Unha situación que non encaixa no que debería ser a relación da institución académica co resto da cidade que debe dar resposta ao encaixe urbanístico e social dos equipamentos universitarios e pór en valor o impacto económico que supón a USC para a cidade, así como o seu efecto de atracción de poboación. A poboación universitaria significa un elemento dinamizador fundamental de toda a nosa economía de proximidade, desde o comercio local ata a programación cultural. Unha poboación que sempre foi un dos eixos sobre os que se construíu unha cidade viva e dinámica e que ten que continuar a ser protagonista.

Este tema xa foi tratado no Pleno da Corporación durante este mandato municipal, que se posicionou a favor da peonalización e restrición da circulación de vehículos neste ámbito tanto en xuño do 2020 como en abril do 2021. Unha demanda que nos últimos anos se ten intensificado e que conta cun amplo consenso social posto que é a única peza urbanística intramuros que continúa a padecer as consecuencias da libre circulación de vehículos motorizados. Unha medida, ademais, que aparece recollida no Pacto Local pola Mobilidade e que tamén fai parte das demandas dos colectivos veciñais da cidade histórica -así como de ambas Facultades situadas nesta zona- porque, neste punto, resulta especialmente complicada a convivencia entre as persoas e os vehículos, non só pola circulación senón tamén polas prazas de estacionamento existentes.

Posteriormente ao debate no Pleno, durante o final do verán, as obras de reposición do pavimento da cidade histórica precisamente na contorna destas Facultades, veu a demostrar que non eran válidos os supostos argumentos técnicos esgrimidos polo goberno local para non afrontar esta proposta. Desde hai semanas o tránsito está cortado establecéndose a circulación en dobre sentido pola rampa de acceso desde a Virxe da Cerca, sen que se estean a producir complicacións.

Tendo presente esta comprobación empírica, o Goberno actual de Santiago de Compostela non pode continuar a sentirse cómodo na parálise e en ir deixando pasar os días e os meses sen actuar. A Covid non pode ser a excusa para todo, non pode valer para manter unha parálise constante. Neste tema, e noutros moitos, cómpre afrontar esta actuación e non apostar pola comodidade de manter un *status quo* que ten data de caducidade. Ademais, esta medida sería coherente coa liña de actuación iniciada no anterior mandato municipal cando se impulsou a peonalización da Rúa de San Pedro e a peonalización branda do tramo da Avenida de Xoán XXIII máis achegado á cidade histórica, no seu paso por San Francisco. Decisións que supuxeron unha palpable mellora da convivencia entre peóns e vehículos en ambas zonas.

Complementando a actuación anterior, o decanato da Facultade de Xeografía e Historia tamén solicitou que se priorizase a restauración do seu edificio na execución da “Proposta Estratéxica plurianual do Consorcio de Santiago para o período 2021-2027-2032”. Nesta proposta recóllese a necesidade de realizar obras e intervencións urxentes en varios edificios monumentais entre os que se encontra esta Facultade.

Unha vez finalizado o plano director, que xa está actualmente en fase de redacción, cómpre que o Consorcio de Santiago inclúa a Facultade de Xeografía e Historia como unha das prioridades de actuación e programe as obras prescritas neste documento. Obras financiadas con cargo á liña 2 de rehabilitación e conservación, que no seu apartado 3 recolle 60 millóns de euros (I.2.3 Monumentos e elementos patrimoniais) para a restauración destes edificios catalogados no Nivel 1 polo Plan Especial da Cidade Histórica.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta á consideración do Pleno o seguinte:

ACORDO:

Instar ao correspondente órgano de goberno local a:

1. Cumprir e executar, nos termos acordados nos Plenos de xuño do 2020 e abril do 2021, a humanización e peonalización do ámbito do Arco e Praza de Mazarelos, limitando a circulación a residentes e transporte de mercancías.

2. Unha vez finalizada a redacción do Plano director, presentar, no Consorcio de Santiago como unha prioridade a execución das obras de rehabilitación da Facultade de Xeografía e Historia dentro do financiamento da liña 2.3 recollida na proposta plurianual para o período 2021-2027-2032.”

Á presente proposición presentaron emendas os grupos municipais do BNG (non foi aceptada) e do PP (aceptada).

A do PP, propón unha nova redacción do punto 1 do acordo, que quedaría redactado do seguinte xeito:

“1. Cumprir e executar, nos termos acordados nos Plenos de xuño de 2020 e abril do 2021, a humanización e peonalización do ámbito do Arco e Praza de Mazarelos.”

Rematado o debate, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais de CA, do PP e do BNG (5 CA, 8 PP e 2 BNG), e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda:

1. Cumprir e executar, nos termos acordados nos Plenos de xuño de 2020 e abril do 2021, a humanización e peonalización do ámbito do Arco e Praza de Mazarelos.

2. Unha vez finalizada a redacción do Plano director, presentar, no Consorcio de Santiago como unha prioridade a execución das obras de rehabilitación da Facultade de Xeografía e Historia dentro do financiamento da liña 2.3 recollida na proposta plurianual para o período 2021-2027-2032.

12. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP PARA A CREACIÓN DUNHA COMISIÓN DE SEGUIMENTO PARA INFORMAR PERIODICAMENTE DA MARCHA DAS PRINCIPAIS OBRAS QUE ACOMETE O CONCELLO.

Foi presentada con data 21 de setembro de 2021, a proposición do epígrafe, que ten o seguinte contido:

“O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte PROPOSICIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Transcorrido máis da metade do mandato municipal, o Goberno está a executar un conxunto de obras -algúns delas con trámites iniciados no mandato anterior- na procura de recuperar o tempo perdido para dotar ao concello de novas infraestruturas e servizos .

Deste xeito, no pasado mes de xuño, o concelleiro responsable desta materia, daba conta en rolda de prensa de que o seu departamento mantiña en execución 22 obras por importe duns 9,5 millóns de euros, das que 2 estaban xa rematadas (as dos muros das Fontiñas e da Costiña do Monte), 1 en execución (rúa dos Concheiros) e outras 19 que se mencionaban baixo o vago concepto de “planificadas” para o que resta de ano. Dos datos ofrecidos as obras rematadas supoñían apenas un 3% do total, a que estaba en execución un 22% e as “planificadas” representaban o 75% dos 9,5 millóns de euros.

Posteriormente, nunha nova rolda de prensa en agosto de 2021, o mesmo concelleiro volvía informar das obras que se estaban “acometendo na cidade cun investimento superior aos 10 millóns de euros”. Para entón eran xa 34 as actuacións que se estaban “realizando na cidade”. Entre elas volvíase a citar a rúa de Concheiros (obxecto da maior atención polas críticas á súa execución e retraso), pero unicamente se limitaba a informar doutras 9 “obras importantes”, das que 3 estaban en execución (Campo de fútbol das Cancelas, campo da festa do Castiñeiriño e a ponte vella de Vidán), 4 para un inicio próximo (rúa do Hórreo, aparcadoiro de Altiboia, rúa do Valiño e Avenida de Asturias) e 2 paralizadas (Costa do Cristo e Aparcadoiro de Triacastela). Das outras 24 actuacións nada se dixo, nin nada se sabe.

A transparencia é un indicador da calidade dos gobernos que debe ser esixible en todas as esferas dunha administración pública democrática e tamén á hora de ofrecer puntual e continua información sobre algo tan transcendente para a cidadanía como é a realización de obras, tanto polo que poden supoñer de melloras da calidade de vida cando se rematan, como polos contratempos que poden ocasionar durante a súa execución, un período que ás veces resulta conflitivo, ben sexa polas modificacións, demoras e molestias que se poidan producir, que adoitan agravarse cando se postergan a información e a transparencia.

No noso concello temos recentes exemplos de demoras, molestias e contratempos das obras que están a causar malestar e razoables queixas por parte veciñanza que lles son trasladadas aos propios grupos da oposición, estando afectados todos por unha falta de información puntual e de transparencia.

Non dubidamos que algunhas -ou quizais moitas- das demoras, molestias ou

contratempos poderían ter causas xustificadas e estamos certos de que un pequeno esforzo para transparentar os motivos que subxacen no proceso de desenvolvemento dos proxectos de obras contribuirían a evitar ou cando menos mitigar as críticas da cidadanía e dos propios grupos da oposición. Porque parece evidente que cando se fomenta a información e a participación ábrese unha vía para unha maior comprensión e unha maior empatía coa acción dun Goberno. Por este motivo, o Grupo Municipal Popular propón a adopción do seguinte

ACORDO

O Pleno insta ao correspondente órgano do Goberno local a que adopte as medidas oportunas para a creación dunha Comisión seguimento integrada por todos os grupos da Corporación para informar de forma periódica da tramitación e da marcha das principais obras municipais, dándolle traslado desa información ao conxunto da cidadanía.”

Rematado o debate, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do PP, de CA e do BNG (8 PP, 5 CA e 2 BNG), e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda instar ao correspondente órgano do Goberno local a que adopte as medidas oportunas para a creación dunha Comisión seguimento integrada por todos os grupos da Corporación para informar de forma periódica da tramitación e da marcha das principais obras municipais, dándolle traslado desa información ao conxunto da cidadanía.

13. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP PARA A ANÁLISE E POSIBLE MODIFICACIÓN DA VELOCIDADE EN DETERMINADAS VÍAS MUNICIPAIS.

A proposición presentada o día 21 de setembro do corrente ano, ten o seguinte contido:

“O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte PROPOSICIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Consello de Ministros do 10 de novembro de 2020 aprobou a modificación do Regulamento Xeral de Circulación de 2003 (RD 1428/2003), que foi publicada no BOE do 11 de novembro de 2020 concedendo un prazo de seis meses para a súa entrada en vigor, para que a cidadanía puidera coñecer os cambios introducidos e as administracións públicas locais dispuxeran dun período suficiente para adaptar a sinalización ou as infraestruturas.

A modificación proposta, que finalmente entrou en vigor o pasado 11 de maio, centrábase na redución da velocidade nos contornos urbanos establecendo con carácter xeral os seguintes límites para as vías urbanas: 20 km/h en vías con plataforma única de calzada e beiravía; 30 km/h en vías dun carril único por sentido de circulación e 50km/h en vías con dous ou máis carrís por sentido de circulación.

A norma estatal contempla que este criterio xeral poderá ser modificado, á alta ou á baixa, por criterio da autoridade municipal, establecendo no artigo 50.3 que “excepcionalmente, a Autoridade Municipal poderá aumentar a velocidade en vía de

un único carril por sentido ata unha velocidade máxima de 50 km/h, previa sinalización específica”.

Coa entrada en vigor destas limitacións, o Concello de Santiago procedeu a colocar novas sinais nas vías da súa titularidade, en gran parte dos casos de forma innecesaria, posto que no caso de non existir sinalización sería de aplicación a limitación xenérica para o tipo de vía (no caso maioritario dun único carril por sentido de circulación, 30 km/h) e no caso de querer modificar a existente que contraviñera o disposto con carácter xeral, o máis sinxelo sería a simple retirada deses sinais.

Con todo, o que máis sorprende é a adaptación que se fai na inmensa maioría das vías do termo municipal á norma xeral dunha limitación pensada esencialmente para os ámbitos urbanos, adoptando maioritariamente esta limitación en moitas das vías rurais, sen ter en consideración as características específicas dos seus trazados. Deste xeito, a diferencia doutros concellos galegos que están a facer uso da potestade que lle confire a norma, a limitación de 30 km/h esténdese a longos tramos rurais que carecen de edificacións nas súas marxes e mesmo a tramos con dúas calzadas e beiravías de un metro -como o caso do acceso ao Monte do Gozo pola rúa das Estrelas desde San Lázaro-, onde parece lóxico que se puidera superar ese límite que xa na práctica apenas ninguén respecta.

Esta apreciación tamén podería ser de aplicación a determinados treitos urbanos, como o paso inferior da Avenida do Camiño Francés nas Cancelas e os seus accesos, con proteccións peonís e limitado a 30 km/h, por poñer un exemplo.

Sendo conscientes dos beneficios que a redución da velocidade comporta para a seguridade viaria e para a redución de accidentes, e da necesidade de adaptar a velocidade permitida ás condicións da vía para a circulación de peóns e vehículos, consideramos que cómpre actuar co máximo rigor e coherencia á hora de analizar o caso de cada vía municipal para propoñer co mellor dos criterios o límite de velocidade axeitado.

Mediante o estudo detallado de cada vía podería axustarse a sinalización, facendo compatible a seguridade viaria cunha maior axilidade nos desprazamentos, o que redundaría non só nos traxectos que realizan vehículos privados e profesionais, senón tamén o propio servizo público de transportes, que está a verse afectado nas súas frecuencias pola ampliación das restricións xenéricas que se están aplicar.

Ademais, son moitos os especialistas de distintas entidades (Automovilistas Europeos Asociados, Real Automóvil Club de España -RACE-...) que advirten que aplicar xenericamente un límite a 30 km/h nas vías provoca maiores niveis de contaminación ambiental e acústica, a ralentización do tráfico e a xeración de máis retencións e avarías nos vehículos.

Á vista do anterior, o Grupo Municipal Popular presenta para a súa consideración e aprobación, se procede, o seguinte:

ACORDO:

O Pleno Municipal insta ao correspondente órgano do Goberno local a que proceda a realizar unha análise detallada de cada unha das vías municipais e conforme a ela revisar as limitacións de velocidade existentes, especialmente no ámbito rural, conforme á normativa de aplicación, facendo uso da potestade que esta lle confire á

administración local para decidir o tipo de limitación a implantar nos distintos treitos da rede viaria municipal.”

Rematado o debate, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros/as acorda, instar ao correspondente órgano do Goberno local a que proceda a realizar unha análise detallada de cada unha das vías municipais e conforme a ela revisar as limitacións de velocidade existentes, especialmente no ámbito rural, conforme á normativa de aplicación, facendo uso da potestade que esta lle confire á administración local para decidir o tipo de limitación a implantar nos distintos treitos da rede viaria municipal.

14. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DE CA PARA IMPULSAR UNHA FORMA CONSENSUADA COA VECIÑANZA E O SECTOR HOSTALEIRO A INSTALACIÓN DUNHA PLATAFORMA LOXÍSTICA DE REPARTO DE MERCADORÍAS PARA A HOSTALERÍA DA CIDADE.

Foi presentada con data 21 de setembro do corrente ano, a proposición que ten o seguinte contido:

“O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte proposición para o seu debate no Pleno. O obxecto do acordo é desenvolver un proxecto de plataforma loxística de reparto de mercadorías de última milla na zona histórica de Santiago, de xeito consensuado coa veciñanza e os axentes sociais e empresariais implicados ou beneficiarios da mesma.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

No marco do desenvolvemento das políticas de captación de fondos do mandato 2015-19, o 4 de decembro de 2017, asinábase o convenio entre o Ministerio de Economía, Industria e Competitividade e o Concello de Santiago de Compostela para o proxecto "Smartiagio" cofinanciado con fondos europeos Feder. Un convenio que se traducía en máis de 6 millóns de euros dedicados á mellora dos servizos públicos, mediante o fomento da innovación, seleccionando as accións e proxectos para o seu cofinanciamento polo FEDER 2014-2020.

O propio convenio recollía tres liñas de actuación: a xestión de residuos sólidos urbanos sostible e intelixente, a mobilidade intelixente sostible e a iluminación ornamental intelixente para a conservación do patrimonio. Así, na segunda liña, a da mobilidade intelixente, propúñase o desenvolvemento dunha plataforma loxística de reparto na última milla que contribuíse a racionalizar o actual caos e molestias que o reparto á hostalería e ao comercio supón na Cidade Histórica.

Unha plataforma que se complementaba co proxecto dun vehículo smart de reparto para esta última milla dentro da zona vella de Santiago. O obxectivo era claro: racionalizar a loxística nesta última milla, favorecendo a vida dos case 5.000 veciños e veciñas da cidade histórica, así como contribuir á conservación patrimonial. Posteriormente, o actual goberno municipal, decidiu desviar parte do financiamento desta liña de actuación cara a instalación de numerosas cámaras de videovixilancia camufladas como xestión da mobilidade.

Xa no actual mandato municipal, a pesar de ter este proxecto con financiamento do Ministerio, en decembro do 2020 o Consorcio de Santiago recollía no seu plan de

actuacións para o 2021-2023, -concretamente no seu punto 3.1.5.- a necesidade de desenvolver un “Plan de transporte de mercadorías e persoas para a cidade histórica” que permita a implantación dun sistema loxístico que, entre outros, ofrezca o servizo de “distribución e reparto de mercadorías a todos os negocios da zona histórica de Santiago de Compostela, integrada co resto da cidade”, salientando que sería “imprescindible” a existencia dun “sistema de participación cidadá que faga posible a implementación do sistema”. No mesmo documento menciónase o programa ‘SMARTiagio’ como provedor “unicamente da parte física e tecnolóxica do proxecto” e non se detalla unha cantidade concreta.

Así mesmo tamén na “Proposta Estratéxica plurianual do Consorcio de Santiago para o período 2021-2027-2032” no Eixo III Espazo público, Infraestruturas e Medio Ambiente na liña III.2.2. Xestión de fluxos: Loxística de distribución urbana aparecen consignados outros 7 millóns de euros para, entre outros proxectos, o “acondicionamento dunha parcela e accesos e construción dun centro de aprovisionamento e acopio completamente robotizado”, a “adquisición de vehículos sostibles para reparto” ou o “deseño das rotas e frecuencias”.

E nun exercicio que parece de auténtico solapamento entre proxectos, o pasado 3 de setembro o alcalde Xosé Sánchez Bugallo anunciou que o Concello de Santiago solicitaría unha axuda destinada á mellora da mobilidade e da modernización do transporte público ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana para a construción dun centro loxístico de distribución de mercadorías e dun aparcamento disuasorio, ambos na zona de Meixonfrío. Afirmando que o orzamento global de ambas actuacións chegará aos 7 millóns de euros.

Xa posteriormente, o goberno realizou a contratación ‘a dedo’ dun “Servizo de asistencia técnica para a concreción nunha memoria técnica adaptada aos requirimentos de convocatoria para a solicitude de fondos para desenvolver a estratexia de loxística urbana sostible no casco histórico de Santiago de Compostela” pola cantidade de 17.545 euros.

Neste contexto parece que existen, como mínimo, tres vías de financiamento para un mesmo proxecto, mais que o goberno non é capaz de sacar adiante o proxecto. Contrastado co tecido asociativo do sector e veciñal o retorno que se obtén é que, ademais, non existe diálogo nin comunicación co mesmo para esclarecer que plans son os que pretende levar adiante o goberno. Tendo unha fría acollida a única proposta concreta como é a de localizar a plataforma en Meixonfrío, parecendo moito máis razoable optar por localizacións máis próximas á cidade vella como poden ser as antigas instalacións de Fenosa en Galeras ou a entreplanta do estacionamento de San Clemente.

Por todo o anterior, e co obxectivo de que a plataforma sexa unha realidade canto antes e que esta se leve adiante co necesario consenso veciñal e social, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta á consideración do Pleno o seguinte:

ACORDO:

Instar ao correspondente órgano de goberno local a:

1. Ter en consideración localizacións máis próximas a cidade histórica de Santiago para localizar a plataforma loxística de reparto de última milla.

2. Convocar a todos os grupos municipais, asociacións veciñais, de comerciantes e hostalería para explicar que planificación e cronograma concreto téñ o goberno municipal neste tema e dar conta de cada un dos pasos que se teñen dado ata agora e consensuar os futuros.”

Rematado o debate, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do PP, de CA e do BNG (8 PP, 5 CA e 2 BNG), e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda instar ao correspondente órgano de goberno local a:

1. Ter en consideración localizacións máis próximas a cidade histórica de Santiago para localizar a plataforma loxística de reparto de última milla.

2. Convocar a todos os grupos municipais, asociacións veciñais, de comerciantes e hostalería para explicar que planificación e cronograma concreto téñ o goberno municipal neste tema e dar conta de cada un dos pasos que se teñen dado ata agora e consensuar os futuros.

15. DAR CONTA DE ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 13 DE SETEMBRO DO CORRENTE ANO.

Dáse conta ao Pleno da Corporación do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local con data 13 de setembro do corrente ano, de delegación de competencias da Xunta de Goberno na concelleira delegada de Deportes e Benestar Animal.

16. DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DE DELEGACIÓN DE FUNCIÓNS.

Dáse conta ao Pleno de resolucións da alcaldía de data 25 de xuño e 30 de xullo do corrente ano, de delegación de funcións da alcaldía no Primeira Tenente de Alcalde (días 25 e 26 de xuño e período comprendido entre o 17 e 20 de agosto, inclusive) e Segundo Tenente de Alcalde (período comprendido entre o 9 ao 16 de agosto, inclusive).

17. DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA, DAS CONCELLARÍAS DELEGADAS E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

Dáse conta das resolucións da alcaldía e das concellarías delegadas no período comprendido entre o día 16 de xullo ao 16 de setembro de 2021, ambos inclusive.

Así mesmo, tamén se da conta, das seguintes actas da Xunta de Goberno:

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 14 de xullo de 2021.

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 19 de xullo de 2021.

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 26 de xullo de 2021.

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 26 de xullo de 2021.

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 30 de xullo de 2021.

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 2 de agosto de 2021.

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 3 de agosto de 2021.

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 3 de agosto de 2021.

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 5 de agosto de 2021.

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 9 de agosto de 2021.

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 17 de agosto de 2021.

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 23 de agosto de 2021.

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 24 de agosto de 2021.

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 24 de agosto de 2021.

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 30 de agosto de 2021.

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 30 de agosto de 2021.

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 6 de setembro de 2021.

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 13 de setembro de 2021.

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 14 de setembro de 2021.

Sendo as 14:20 horas, o Sr. Alcalde suspende a sesión ata as 16:00 horas.

Reanúdase a sesión cando son as 16:00 horas, coa ausencia de Dona Beatriz Cigarrán Vicente, que xa non se reincorpora ao resto da sesión.

18. SOLICITUDE DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA DE COMPARECENCIA DO CONCELLEIRO RESPONSABLE DO TENDIDO DE NOVO CABLEADO AÉREO E OUTROS DISPOSITIVOS PARA A INSTALACIÓN DE CÁMARAS DENTRO DO PROXECTO SMARTIAGO.

O señor Guinarte Cabada comparece voluntariamente na sesión, de xeito que non se vota a solicitude de comparecencia.

Así mesmo, acórdase por unanimidade debater conxuntamente coa comparecencia a moción núm. 5, presentada polo BNG para limitar a instalación de cámaras do proxecto Smartiago ás zonas de acceso á cidade histórica.

19. ROGOS, PREGUNTAS E INTERPELACIÓNS.

Interpelacións:

- 1.- Presentada polo grupo municipal do BNG sobre a vertedura de contaminación que afectou a rede de abastecemento de auga.
- 2.- Presentada polo grupo municipal de CA sobre contratación.
- 3.- Presentada polo grupo municipal do PP sobre reurbanización da rúa dos Concheiros e a construción do aparcamento en Triacastela.

Rogos:

- 1.- Presentado polo grupo municipal de CA en relación aos espazos suprimidos para actividades na rúa.
- 2.- Presentado polo grupo municipal de CA para ampliar o prazo da xustificación de actividades culturais pendentes de axuda.

- 3.- Presentado polo grupo municipal de CA sobre a seguridade viaria no paso do Camiño Inglés pola parroquia de Marantes.
- 4.- Presentado polo grupo municipal do BNG para restituír a convocatoria anual do Premio literario Ánxel Casal.
- 5.- Presentado polo grupo municipal do BNG para manter aberta a oficina de Muface en Santiago con plena dotación de persoal e recursos.
- 6.- Presentado polo grupo municipal do PP para a limpeza e mantemento do acceso e da parcela lindante coa igrexa parroquial de Santa Marta.
- 7.- Presentado polo grupo municipal do PP para o acondicionamento da marxe da estrada N-634 preto o acceso ao Monte do Gozo.
- 8.- Presentado polo grupo municipal do PP para o incremento da vixilancia no Parque de Ramírez.
- 9.- Presentado polo grupo municipal do BNG sobre a concentración parcelaria en Figueiras-Villestro.

Preguntas resposta oral:

- 1.- Presentada polo grupo municipal de CA sobre a duplicidade de investimentos e servizos relacionados co novo contrato de recollida e tratamento de residuos.
- 2.- Presentada polo grupo municipal de CA sobre as obras de melloras dos equipamentos deportivos e sociais na parroquia de Figueiras.
- 3.- Presentada polo grupo municipal de CA sobre a vertedura de xurros ao río Tambre e a comunicación da empresa concesionaria e o concello.
- 4.- Presentada polo grupo municipal do PP sobre a provisión da praza de director da banda de música.
- 5.- Presentada polo grupo municipal do BNG sobre a ampliación da oferta de prazas de actividades nos centros socioculturais do rural.
- 6.- Presentada polo grupo municipal do PP sobre a previsión de modificar axudas sociais para facer fronte ás continuas subas do prezo da luz.
- 7.- Presentada polo grupo municipal do PP sobre o proceso de licitación da revisión do plan de mobilidade urbana sustentable (PMUS).
- 8.- Presentada polo grupo municipal do BNG sobre a ampliación do CHUS.
- 9.- Presentada polo grupo municipal do BNG sobre as medidas a adoptar para evitar a instalación dun vertedoiro en Nemenzo.

Preguntas resposta escrita:

- 1.- Presentada polo grupo municipal do PP en relación aos radares situados non Restollal e na SC-20 en Conxo.
- 2.- Presentada polo grupo municipal do PP en relación a nave 5 da Praza de Abastos.
- 3.- Presentada polo grupo municipal do BNG sobre a ampliación do prazo de actividades na rúa, para compensar o mes que non puideron exercer.
- 4.- Presentada polo grupo municipal do BNG sobre o convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e o Concello de Ames coa Xunta para facilitar as comunicacións en transporte público.
- 5.- Presentada polo grupo municipal do BNG sobre a instalación dunha cuberta para colaborar co servizo social que desenvolve a Cociña Económica.
- 6.- Presentada polo grupo municipal do BNG sobre a creación dunha ruta por Barciela e Marantes.

Despois do debate da primeira interpelación sendo as 17:15 horas o Sr. Alcalde abandona a sesión ata as 18:35 horas, substituíndoo na presidencia do Pleno Dona Mercedes Rosón Ferreiro.

20. DECLARACIÓN INSTITUCIONAL PARA APOIAR A DECLARACIÓN DO CAMIÑO INGLÉS COMO PATRIMONIO DA HUMANIDADE.

O Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros/as asistentes, aproba a seguinte declaración de todos os grupos políticos da Corporación:

“Dende a Idade Media, moitos peregrinos e peregrinas a Compostela, non só das Illas británicas, senón tamén dos países nórdicos e mesmo franceses, optaron pola travesía en barco ata os portos galegos da Coruña e Ferrol para evitar os perigos dun longo percorrido por terra, e tamén para abreviar o tempo do itinerario. A Guerra dos Cen Anos entre Inglaterra e Francia acentuou, sen dúbida, a opción dos ingleses de viaxar por mar e non ter que pasar por territorio inimigo.

Hai constancia da chegada a Compostela de singulares peregrinos e peregrinas dende Inglaterra a partir do século XI, xa, moi probablemente, facendo a singradura primeiro en barco, ata A Coruña, e logo por terra. Parece que o primeiro peregrino do *Camiño Inglés* do que falan as crónicas foi Walter Gifford, un nobre anglo-normando, que viaxou a Santiago en 1064. A el seguiron outras moitas persoas, e hai constancia da peregrinación dalgunhas delas; homes e mulleres: San Godric de Finchale, que pasa por ser o primeiro dos nados nas Illas Británicas; Gilberto de Hastings, logo bispo de Lisboa; ou Botilda, muller de Norwich mencionada nunha crónica do século XII.

Das súas viaxes deixaron constancia nos seus propios escritos algúns deses peregrinos e peregrinas; entre outros Margery Kempe (*O libro de Margery Kempe* - autobiografía en lingua inglesa-, 1438), William Wey (*Itenerarium peregrinationis*, 1456) John Paston (*The Paston Letters*, 1473). Outros moitos escritores, malia a ruptura de Enrique VIII con Roma, continuaron esa estela, e mencionan a peregrinación xacobeana nas súas obras, publicándose incluso coleccións de historias de peregrinos (*Purchas his pilgrims*, 1624).

Antes da reforma protestante existían en Gran Bretaña un bo número de igrexas consagradas ao apóstolo Santiago. Delas, coa Reforma, desapareceron as imaxes de Santiago Apóstolo, pero moitas conservaron o nome.

Especial protagonismo, como punto de partida das peregrinacións inglesas, tivo, dende moi antigo, a abadía de Reeding, ao oeste de Londres, fundada en 1121 polo rei Enrique I, cuxa filla, a emperatriz Matilde peregrinou a Compostela, e levou de volta ao seu país, segundo conta a tradición, unha reliquia do Apóstolo doada polo bispo Xelmírez.

Esta ruta de peregrinaxe a Compostela, que hoxe chamamos *Camiño Inglés*, sementou a xeografía galega de monumentos singulares, e transcorre a carón doutros que xa preexistían ao camiño: A torre de Hércules (o Farum Brigantium da Idade Media), hoxe monumento declarado Patrimonio da Humanidade; a igrexa de Santiago da Coruña, do século XII; a colexiata de Santa María na mesma cidade; a ponte e a igrexa de Santiago no Burgo, ou as igrexas de Santiago e Santa María en Cambre, todas elas de estilo románico. Se o camiño a pé se inicia en Ferrol, atopamos a igrexa de San Martiño de Xubia, e a ponte e vila medievais de Pontedeume; as igrexas de San Miguel de Bremao; San Pantaleón das Viñas; e en Betanzos, Santiago e Santa Maria de Azogue e outros edificios civís de estilo gótico. Xa en Bruma, xúntase os dous ramais do Camiño a Compostela.

A todos eses monumentos históricos que se conservan hai que engadir un bo número

de hospitais de peregrinos xa desaparecidos, en Betanzos, Pontedeume, Bruma, etc., dos que hai constancia documental e múltiples referencias que dan conta da súa importancia no Camiño.

Todos estes datos dan conta dunha tradición de séculos da que hai constancia na literatura, na arte e na paisaxe, e que estableceu fondos vínculos de relación e un diálogo permanente entre as persoas que camiñan a Santiago e o territorio que percorren.

O 4 de decembro de 1985 o casco histórico de Santiago de Compostela foi declarado Patrimonio Mundial pola UNESCO. En 1993 incorporouse a esa lista o Camiño Francés, dende Roncesvalles a Santiago; e en 1998 sumáronse as principais sendas que percorren Francia: o camiño desde Le Puy, o camiño de Limoges, o camiño de Tours, e o camiño de Toulouse. Por último, en 2015, os camiños Primitivo e do Norte incorporáronse á lista do Patrimonio Mundial da UNESCO. Con motivo desta última incorporación, a UNESCO considerou que, máis aló dos camiños que atravesaban Francia e que foron os que seguiron historicamente a maioría dos peregrinos, era necesario complementar as declaracións anteriores con esta para conservar as orixes da tradición xacobeas.

A pesar de ser o Camiño Inglés, no seu tramo galego, o máis curto dos itinerarios xacobeos, ten moitos elementos arquitectónicos a destacar, xa mencionados, e é partícipe da tradición xacobeas dos camiños xa recoñecidos pola UNESCO, polo que é xusto que sexa incluído na lista do Patrimonio Mundial xunto as rutas xacobeas que forman parte del.

Por todo o exposto anteriormente,

O Pleno do Concello de Santiago de Compostela acorda apoiar a declaración do Camiño Inglés a Santiago como Patrimonio Mundial da Humanidade. Esta declaración debe incluír os tramos que percorren Galicia dende Ferrol e A Coruña ata Santiago de Compostela, e podería estenderse ao principal tramo do camiño en Inglaterra, dende o Condado de Durham, pasando pola abadía de Reading e a cidade de Winchester ata o porto de Southampton.”

21. TOMA EN CONSIDERACIÓN DE MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS.

Inclúese ao principio das mocións a tratar, a moción de urxencia, que foi declarada ao inicio da sesión, sobre a banca.

A moción presentada polo grupo municipal de CA para manifestar o apoio ás persoas refuxiadas, converteuse en moción conxunta dos catro grupos políticos municipais (CA, PSdeG-PSOE, PP e BNG).

Os textos das mocións a tratar na presente sesión plenaria, son as que a continuación se transcriben:

MOCIÓN CONXUNTA DE TODOS OS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS PARA INSTAR ÁS ENTIDADES BANCARIAS QUE MANTENAN ABERTAS AO PÚBLICO AS SÚAS OFICINAS

Nos últimos tempos estamos asistindo ao peche sistemático de oficinas bancarias de

distintas entidades. Un problema que afecta sobre todo á Galicia rural, pero que tamén ten consecuencias en Santiago de Compostela, sobre todo na cidade histórica.

A perda de servizos financeiros é un grave problema para unha importante parte da poboación que, por distintas circunstancias, ten dificultades para utilizar a banca en liña.

Tamén ten consecuencias na economía local, dependente ao cen por cen das entidades bancarias.

Ao recente peche da oficina que o Banco Sabadell Gallego tiña na Rúa do Preguntoiro, súmase agora o anuncio do BBVA de pechar a súa oficina da Rúa do Vilar, o que supón unha perda irreparable para a zona, pois son numerosas as persoas que utilizan os seus servizos despois de 40 anos asentada na cidade histórica. Uns servizos que teñen gran demanda entre as persoas que visitan Santiago, polo seu emprazamento, no centro da Cidade Histórica; e que tamén benefician, en gran medida, ao sector comercial e hostaleiro.

Porque, con estes peches, tamén se ven afectados os sectores empresarial e comercial, aos que as entidades bancarias prestan servizos fundamentais para a supervivencia do negocio.

Por todo o exposto anteriormente, solicitamos ao pleno da Corporación a adopción do seguinte,

ACORDO:

1.- Solicitar ás entidades bancarias que operan no termo municipal que manteñan abertas as oficinas de servizo o público, dado que aínda seguen prestando un servizo presencial necesario para unha parte da poboación.

MOCIÓN CONXUNTA DE TODOS OS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS PARA MANIFESTAR O APOIO ÁS PERSOAS REFUXIADAS AFGÁS, EN ESPECIAL MULLERES E NENAS QUE BUSCAN REFUXIO EN EUROPA

No pasado mes de agosto a situación humanitaria de Afganistán volveuse aínda máis crítica do que xa era, por causa dos últimos vinte anos de guerra-, con motivo da toma de Kabul por parte dos talibáns. Este feito provocou a caída do goberno afgán e a súa substitución, así como a fuxida das tropas e contixentes militares dos países occidentais, nomeadamente as norteamericanas. ACNUR estimou que so nesa provincia atopábanse 120.000 persoas desprazadas internas que fuxiran desde outras rexións diante do avance dos talibáns. Calcúlase que, no total, había 550.000 novos persoas desprazadas forzadas desde principios de ano, das que o 60 % son mulleres e menores, e a cifra vai en aumento cada día que pasa.

Catro décadas de violencia e conflito converteron Afganistán nun dos países máis violentos do mundo. Non se pode comprender a situación actual sen facer memoria e lembrar o acontecido ata hoxe. Os talibáns que agora se fotografían no palacio presidencial de Kabul son os fillos dos muyahidín a quen Estados Unidos facilitou financiamento e armamento moderno para destruír a República de Afganistán na década dos oitenta. Despois dos ataques do US, os EEUU promoveron durante as dúas últimas décadas a intervención militar da OTAN nese país, co resultado de máis de 50.000 civís asasinados, centos de millares de desprazamentos forzosos e

bombardeas continuas sobre obxectivos civís, accións que contribuíron tamén a xerar a situación actual.

Unha responsabilidade que é compartida tamén pola Unión Europea que, desde 2008, deportou a Afganistán máis de 71.000 persoas argumentando que este era un país seguro. Unha responsabilidade directa europea que debería implicar a responsabilidade ética e moral de ter que adoptar medidas urxentes por parte dos EEUU, da UE e tamén de España como países estranxeiros que participaron na guerra e intervención militar en Afganistán. En xeral, toda a comunidade internacional e a ONU deben reaccionar ante o desastre que supuxeron os últimos vinte anos de intervención militar e guerra, e non deixar de súpeto abandonada a poboación á súa sorte como ocorreu este pasado mes de agosto.

Neste contexto devastador, especialmente preocupante e grave é a situación das mulleres e nenas afgás cuxos dereitos humanos quedan eliminados baixo o réxime talibán. A toma do poder en Afganistán do fundamentalismo talibán trae como consecuencia a desaparición das mulleres de calquera espazo público, unha ideoloxía que impón e leva ao extremo a lóxica patriarcal. A vida das mulleres e nenas supón en Afganistán vivir baixo unha violencia institucional e ante calquera mínima infracción da interpretación talibán da lei islámica. A actual situación supón unha grave ameaza para a vida e a liberdade de ao redor de dezanove millóns de mulleres e nenas afgás. Na anterior etapa dos talibáns ao mando, entre 1996 e 2001, as mulleres carecerán de todos os dereitos, non podían saír da casa soas, nin sequera para acudir á atención sanitaria, como tampouco podían estudar, traballar, ou participar na vida social ou política. Urxe un compromiso da comunidade internacional e da UE coa igualdade de xénero, un compromiso real e inmediato que dea resposta as mulleres e nenas afgás. Nestes momentos dramáticos para o pobo afgán compre estar á altura e realizar un esforzo solidario para axudar a todo un pobo condenado á morte e o horror, que xa sabemos se vai cebar nos colectivos máis vulnerables e feminizados.

Tendo en conta a situación extrema, é necesario a creación dun corredor humanitario para persoas demandantes de asilo que queiran abandonar Afganistán; a suspensión do acordo UE-Turquía que impide chegar a territorio europeo a quen foxe dun país sumido no caos e eliminación do requisito de visado á cidadanía afgá que queira entrar en territorio Schengen, a paralización inmediata dos voos de deportación a Afganistán e reasentamento en condicións dignas das persoas retidas en campos de migrantes entre os distintos Estados membros da UE.

Desde as diferentes administracións públicas, tamén polo tanto desde a administración municipal, débese estar en condicións de ofrecer unha resposta solidaria e de defensa dos dereitos humanos da poboación e en especial dos millóns de mulleres e nenas que agora corren perigo inminente de seren lapidadas, torturadas, violadas e asasinadas por bailar, cantar, traballar ou estudar.

Durante o anterior mandato municipal, o 7 de setembro de 2015, aprobouse unha Declaración Institucional contando coa unanimidade do Pleno, sobre a crise humanitaria e o acollemento das persoas que buscan refuxio en Europa. Na Declaración recollíase que os Estados membros deben ser un espazo de referencia para a defensa da dignidade dos dereitos humanos, a ser capaces de ofrecer unha resposta integral e global á actual crise dos refuxiados. Polo tanto, a Corporación Municipal de Santiago de Compostela, conforme á especial filiación europea e vocación acolledora da cidade, debe colaborar de forma activa na solución da gran crise humanitaria afgá e manifestar a súa vontade de poñer a disposición das

administracións públicas competentes a súa capacidade de acollida para contribuír, de forma solidaria, a resolver esta situación.

Por todo o exposto anteriormente, solicitamos ao pleno da Corporación a adopción do seguinte,

ACORDO:

1. Instar ao Goberno da Xunta de Galicia a que ofrezca ao Goberno español a súa vontade de acoller a refuxiados afgáns, particularmente mulleres e nenas, cuxos dereitos e vidas están en perigo no seu país.
2. Facer un chamamento á comunidade internacional para que inicie actuacións dirixidas a preservar a vida e os dereitos de todos os cidadáns afganos, en especial de mulleres e nenas.
3. Declarar ao municipio de Santiago de Compostela lugar de acollida de persoas refuxiadas afgás, particularmente de mulleres e nenas, pondo a disposición do Ministerio de Inclusión Social, Seguridade Social e Migracións tantas prazas como sexan posibles para colaborar a reducir o impacto humanitario deste desastre, en coordinación coas entidades do Terceiro Sector especializadas en acollida, e demostrar así que Santiago de Compostela é un municipio de Acollida tal como se declarou en 2015.
4. Instar ao Goberno de España a axilizar a tramitación das solicitudes de asilo de refuxiados afganos.
5. Trasladar este acordo á Xunta de Galicia, ao Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación; e ao Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA PARA A ELABORACIÓN DUN PLAN DE MELLORAS NA ZONA DE VOLTA DO CASTRO

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Desde a construción do periférico de Santiago produciuse unha mudanza importante na relación de moitos barrios da cidade coa súa contorna máis inmediata. Un dos exemplos máis salientables é a fenda que supuxo para o barrio de Conxo, que quedou partido en dous por esta infraestrutura, e que aínda non foi suturada coa construción do túnel e a nova rotonda. Mais esta non foi a única exclusión que provocou o deseño e construción do periférico. Nun espazo moi próximo ao anterior, na Volta do Castro, tamén foron moitas as problemáticas que supuxo esta infraestrutura para a veciñanza.

Na Volta do Castro construíuse unha rotonda en altura e os correspondentes xiros e incorporacións para que o periférico, a SC-20, continúe cara Vidán, cara a ponte da Rocha, e para que conecte co trazado da antiga N-550 e a súa entrada sur na cidade polo barrio de Santa Marta. Todo isto provocou que a rotonda segregara a Volta do Castro en dúas zonas, separando e deixando unha parte substancial do barrio

confinada. Unha rotonda que non ofrece as suficientes e necesarias medidas de seguridade viaria para cruzar a pé, que ademais acumula moitos outros problemas ligados ao tránsito rodado por causa do elevadísimo número de vehículos motorizados que diariamente usan este paso. Vehículos que, na grande maioría dos casos, transitan a unha velocidade demasiado elevada, agravando a sensación de perigo e inseguridade da poboación do barrio.

Problemas que se poderían solucionar ou, como mínimo alixear, se o Concello reformulase o deseño desta rotonda pensando tamén no tránsito peonil e non só no rodado, procurando que se respecte o actual límite de velocidade de 30Km/h ou instalando pasos de preferencia peonil. A todo o anterior súmaselle a deixadez municipal en temas como as grandes dificultades para o uso do transporte público, posto que non existen paradas cercanas e dándose paradoxos como o de que, a pesar da súa proximidade, a xente máis vella do barrio teña que coller un taxi para ir ao Hospital, xa que non dispoñen doutra forma de achegarse.

Estes son algúns exemplos do esquecemento municipal desta zona, mais poderían colocarse outros como a falta de contedores de lixo, mesmo sendo máis fácil tirar os inorgánicos no Milladoiro que nalgún colector do Concello de Santiago. Ou a non execución da senda peonil e ciclable que precisamente conecte o barrio e Santiago co Milladoiro. Ou algo tan simple como que se rocen as beiras das estradas, porque o servizo municipal nunca pasa por ali.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta á consideración do Pleno o seguinte **ACORDO**:

Instar ao correspondente órgano de goberno a elaborar un plan de actuación no barrio da Volta do Castro que recolla as principais actuacións reclamadas pola veciñanza como:

- a Humanización da rotonda
- a instalación dunha parada de bus próxima ao barrio da liña 5 con marquesina
- a construción da senda peonil cara o Milladoiro
- a inclusión do barrio nas rozas de pistas e estradas
- a instalación de máis contedores de lixo.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA PARA QUE SANTIAGO DE COMPOSTELA SEXA NOMEADA CIDADE CREATIVA DA MÚSICA

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Galicia non conta con ningunha cidade membro da Rede de Cidades Creativas da UNESCO. Santiago, como capital do país e única cidade membro do Eurobarómetro de Cidades Culturais e Creativas, debería incrementar o seu posicionamento e lograr a súa integración nunha rede que téñen como obxectivo promover a cooperación entre as municipalidades que identifican a creatividade urbana como sector estratéxico. As cidades membros da antedita rede identifican a creatividade e as industrias culturais no cerne do seu plan de desenvolvemento local e cooperan activamente para conquistar unha planificación estratéxica conxunta na materia pola que son

distinguidas.

A identidade de Compostela está fortemente ligada á música coma valor cultural vivo no territorio. A aposta pola música clásica e histórica coma tamén o é pola música popular. Desde o ámbito educativo coa Escola Municipal de Música, o Conservatorio Profesional, diversos proxectos privados de longa traxectoria coma escolas, festivais de diversos estilos e salas de concertos, con agrupacións de música e danza tradicional centenarias e unha aposta continuada pola música clásica cunha Real Filharmonía de Galicia e unha Banda Municipal profesional sustentadas cun gasto público anual sempre prioritario para o Consorcio e o Concello de Santiago; é agora cando precisamos recuperar todos e cada un dos espazos da música ao vivo en suspenso pola Covid e, simultaneamente, precisamos atender a situación das autoras e intérpretes en situación máis vulnerable. O Concello de Santiago debe imaxinar un futuro no que a música ao vivo volva a Compostela coma un dos nosos valores culturais máis identitarios.

Para trazar un plan e apoiar a música ao vivo precisamos datos. Temos os Informes da Cultura Municipal e específica, sobre a situación dos autores, temos ao noso dispor un valioso informe elaborado pola Fundación SGAE, "Diagnóstico da situación autoral en Galicia" de decembro de 2019 do que traemos catro conclusións:

- Un 45,6% das autoras/es afirma ter unha dedicación maioritaria a outro labor diferente ao autoral.
- Só un 19% declara vivir en exclusiva do seu traballo autoral.
- O 21,4% mantén que en 2017 tivo uns ingresos netos anuais inferiores a 10.000 €.
- O 62,6% percibe que a poboación ten pouco ou ningún coñecemento da profesión autoral.

Non temos datos actualizados que nos fagan albiscar o impacto da Covid sobre a situación de numerosos autores e intérpretes residentes na capital. Coa desaparición dos concertos nas salas e nos establecementos de hostalería, a desaparición dos ingresos de taquilla derivados das restricións no aforo, os protocolos sanitarios e plans de seguridade reforzados que trouxeron un forte aumento do gasto de produción para o desenvolvemento de calquera actividade cultural; estes e outros factores engadidos desincentivaron a iniciativa privada e imposibilitaron a asociativa. O ámbito público viuse obrigado a unha reorientación forzosa da política expansiva de públicos nun intre no que a tendencia ao monocultivo de grandes festivais obrigaba aos proxectos pequenos a redimensionarse construindo identidades moi especializadas.

No presente imos cara unha reorientación do apoio á música por parte das institucións públicas. Agora máis que nunca será preciso apoiar a singularidade nas propostas, a finura no deseño de proxectos que inclúan unha precisa xestión de aforos fronte aos grandes festivais que aínda nos inicios prepandémicos do 2020 presentaban carteis e aforos cada ano maiores. O tempo presente dá oportunidade aos proxectos que poñan en valor a participación das comunidades, a potencia creadora das autoras e intérpretes novas, os espazos rurais das cidades coma sedes alternativas aos centros saturados das cidades.

En Santiago temos espazos coma o Auditorio, tradición na música e danza tradicional, diversidade de festivais, potencia autoral e moito traballo feito para candidatar nos a Cidade Creativa da UNESCO no eido da Música se desenvolvemos unha planificación forte e con tempo suficiente para chegar ben preparados á seguinte convocatoria bianual.

Neste intre de precariedade, incerteza e medo, a xente da cultura da cidade precisa sentir que o Concello planifica a Cultura para que Compostela continúe a ser un territorio musical de referencia. Temos unha gran potencia e estamos en boa posición, aproveitemos estes intres tan complexos para traballar a prol do valor da nosa riqueza musical. Fagamos como Llíria en 2019 e Sevilla en 2016, apostemos como Amarante ou Leiría en Portugal por gañar a distinción entre outras localidades europeas. A nivel estatal, nove cidades adheríronse á rede de Cidades Creativas da UNESCO. Ademais das dúas citadas no eido musical, forman parte da rede: Bilbao (Deseño. 2014), Granada (Literatura. 2014), Burgos (Gastronomía. 2015), Denia (Gastronomía. 2015), Barcelona (Literatura. 2015), Terrasa (Cine. 2017) e Valladolid (Cine. 2019).

Por todo o anterior, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta á consideración do Pleno o seguinte **ACORDO**:

Que o correspondente órgano de goberno inicie as xestións co obxectivo de artellar unha candidatura forte e acadar o recoñecemento da UNESCO coma Cidade Creativa da Música na seguinte convocatoria bianual da Rede de Cidades Creativas da UNESCO.

MOCIÓN PARA ESCLARECER E RECUPERAR O IMPORTE DOS RECIBOS DA LUZ QUE O CONCELLO PAGOU Á CATEDRAL DE SANTIAGO

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para esclarecer e recuperar o importe dos recibos da luz que o Concello pagou á Catedral de Santiago.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

De acordo coa información e documentación publicada por elDiario.es, en 2012, un enxeñeiro técnico municipal elaborou un informe en que plasmou o resultado das súas investigacións sobre o pagamento de recibos de electricidade á Catedral de Santiago, co fin de reclamar que se investigase se eses pagos poderían proceder dalgún convenio subscrito que puidese ser revisábel ou actualizado para poder reducir a parte que achegaba o Concello por este consumo.

Nese documento explica que a Catedral conta con tres subministracións eléctricas: unha para a luz que decora o exterior do templo durante a noite (que paga o Concello de Santiago), outra denominada de "uso diario" e que abona o arcebispado e unha terceira para a iluminación interior, cun pago tamén asumido pola Administración municipal. Así, tan só no período analizado entre 2009 e o primeiro trimestre de 2012, o Concello de Santiago asumiu o pagamento de 20.430 euros en 2009, 67.070 euros en 2010, 53.699 euros en 2011 e 13.322 euros até o 15 de marzo de 2012.

No mesmo informe apunta que este pagamento de recibos puido realizarse desde 1968 e que cando se realizou unha nova instalación en 1999 con iluminación moderna, lámpadas e equipos de alta eficacia, que levan aparelado un incremento da potencia instalada e dos niveis de iluminación, isto supuxo tamén unha suba moi importante do consumo de enerxía eléctrica, mentres se mantivo o abono da electricidade tal como estaba a nome do Concello e sen nin sequera informalo dos cambios realizados.

O Goberno local, na etapa de Compostela Aberta, tal e como se coñeceu tamén estes días por declaracións públicas desta formación, detectou estes pagamentos en 2016 e

procedeu a darlle un período de cortesía, que se prolongou até 2018, ano en que supostamente a Catedral se desconectou da rede pública de iluminación, un feito que cómpre corroborar.

Cando o grupo municipal do BNG tivo coñecemento destes feitos e deste informe, a través do publicado por elDiario.es, solicitou unha reunión urxente da Xunta de Portavoces para que o alcalde informase aos grupos da oposición sobre o pagamento irregular por parte da Administración local do gasto da enerxía eléctrica da Catedral de Santiago e porque a Administración municipal debe ser transparente e non hai xustificación ningunha para ocultar o destino do diñeiro público, propiedade de composteláns e compostelás.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1.- O Concello de Santiago de Compostela realizará un informe para esclarecer o pagamento de recibos da luz da Catedral de Santiago por parte da propia Administración municipal, que determine as cantidades e mensualidades abonadas, coa data en que se comezou e deixou de pagar, xunto co destino da subministración (ornamental, de uso cotiá e/ou interior), informe que fará público en aras da transparencia da Administración municipal.

2.- O Concello solicitará, após os correspondentes informes xurídicos, a recuperación total ou parcial do importe, tendo en conta as posibilidades legais, e clarificará a situación de todos os impostos municipais que correspondan a bens propiedade da Igrexa.

MOCIÓN PARA LIMITAR A INSTALACIÓN DE CÁMARAS DO PROXECTO SMARTIAGO ÁS ZONAS DE ACCESO DA CIDADE HISTÓRICA

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para limitar a instalación de cámaras do proxecto Smartiago ás zonas de acceso da Cidade histórica, tanto para velar polo cumprimento das características estéticas que guían a Comisión Asesora do Patrimonio Histórico como pola protección dos dereitos fundamentais de intimidade, á propia imaxe, de liberdade de expresión e á libre circulación das persoas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En febreiro de 2021, o BNG trasladou unha pregunta ao Pleno sobre o proceso de instalación de cámaras na Cidade histórica, con solucións estética e patrimonialmente discutíbeis, que non foron tratadas de maneira individual na Comisión de Patrimonio. Estas cámaras aplican un sistema de intelixencia artificial, mediante o programa Smartcity, para o control e recoñecemento de vehículos e persoas que transiten por diversos puntos da cidade.

Ademais de utilizar algoritmos destinados a determinar o número de vehículos que circulan en cada momento, poderán detallar a marca, a cor, o modelo, o volume, a matrícula e mesmo se estes superan o peso máximo permitido na Cidade histórica. Do mesmo xeito, poderán realizar un recoñecemento das persoas que camiñan a pé, participan en manifestacións e entran e saen das súas vivendas, por exemplo.

O BNG recibira daquela queixas da veciñanza polo emprazamento da instalación destas cámaras, en concreto das situadas en determinados edificios da Cidade histórica sen o consentimento das persoas propietarias e, ademais, ao estaren á altura das vivendas e seren articuladas e dirixíbeis poden captar imaxes e gravar cara aos seus interiores, ademais das persoas e vehículos que circulan polas rúas e prazas.

Para o BNG é necesario que o Goberno local garanta os dereitos fundamentais á intimidade, liberdade de expresión e libre circulación que, mediante este sistema instalado en multitude de puntos da cidade, poden verse vulnerados ao permitir a visión, gravación, localización e identificación de persoas e de vehículos, como se reclamou xa no Pleno ordinario de febreiro de 2021.

No informe de xuño de 2020 sobre o prego de prescricións técnicas do contrato de solución de mobilidade Smart (control de accesos e trazabilidade da loxística) no marco do proxecto Smartiago, determínase que con carácter xeral o proxecto deberá desenvolverse preferentemente evitando a instalación de novos tendidos de cables polas fachadas da Cidade histórica, de xeito que as canalizacións se resolvan de forma soterrada ou sen arames.

Dise tamén que as cámaras posibilitarán o streaming de vídeo sen arames (rede a despregar polo adxudicatario do contrato) ou pola rede de fibra óptica municipal, realizando compresión de imaxes, mais mantendo a máxima calidade de imaxe nas áreas de interese.

Porén, con posterioridade a seren instaladas, trasladouse á Comisión asesora de Patrimonio histórico do Concello un informe técnico sobre a Fase I onde se expón que desde principios do ano 2013, o Concello de Santiago está a traballar na elaboración da estratexia Smartiago, que trata de converter Santiago de Compostela e o seu centro histórico nun conxunto eficiente, intelixente e cun mellor servizo para a veciñanza.

Nas liñas de actuación dese informe destácase que, dentro do reto 1 de mobilidade intelixente e sustentábel, ten entre os seus obxectivos mellorar a xestión do tráfico de vehículos, control dos accesos e a implantación de sistemas de transporte e reparto de mercadorías na Cidade histórica que sexan respectuosos co patrimonio cultural. Pretende contribuír á redución dos desprazamentos con vehículos contaminantes na Cidade histórica e nos seus arredores nun 20% como mínimo, contribuír a evitar como mínimo a entrada do 90% dos vehículos con exceso de peso ou contribuír a garantir o cumprimento nun 95% da ordenanza de acceso á Cidade histórica, entre outras. En total, fai unha relación de 39 novas cámaras de vixilancia que instalará a empresa Kapsch no marco do proxecto Smartiago.

Ademais de cuestionar o número excesivo de cámaras e o seu emprazamento, que provoca duplicidades sobre as xa preexistentes, a escolla da localización dalgunhas delas evidencia que non son para uso exclusivo de ordenación e observación de fluxos de tráfico.

Despois de ver os emprazamentos un por un, para alén de vulgar non apropiadas a colocación de mástiles que veñen agravar a excesiva proliferación de sinais nalgúns puntos da cidade, é evidente que con moitas menos cámaras previstas para o control de acceso é suficiente para obter a información que se precisa.

Por outra parte, cómpre sinalar que as cámaras poden moverse 160 graos e teñen unha altísima capacidade de resolución, o que chama á preocupación de diversos colectivos en defensa dos dereitos e liberdades.

De feito, o colectivo EsCULcA trasladou en febreiro de 2021 ao Concello de Santiago, ao abeiro da Lei 19/2013 de Transparencia, Bo Goberno e Acceso á Información unha solicitude de información que non lle foi proporcionada sobre a instalación de cámaras de vixilancia na rúa das Orfas, en que requiría a identificación da persoa responsábel do tratamento das imaxes e, caso de existir, identificación do/a encargado/a de tratamento; identificación do/a delegado/a de Protección de datos; finalidade do tratamento; datos obxecto de tratamento; forma de obtención do consentimento ou, se for o caso, título de lexítima exclusión do consentimento; método para cumprir o dereito de información; duración da conservación dos datos recompilados; expresa información sobre as utilidades do sistema, isto é, se permite o recoñecemento facial e, se for o caso, a súa finalidade; e detalle da localización das cámaras.

En canto á estética, tamén é cuestionábel, como xa se explicou, que se instale na Cidade histórica un número tan elevado de cámaras, báculos, sinalización, cables e demais aparellos para ese control, que contrasta coas restricións para outro tipo de elementos ornamentais por parte da veciñanza. Así, constan 14 pasos aéreos a resolver no informe técnico de 17/09/2021 que se trasladou á Comisión asesora de Patrimonio histórico e as cámaras previstas están situadas a unha altura moi elevada - moitas delas entre o primeiro e segundo andar dos inmóbeis- co que non van dirixidas ás matrículas dos vehículos e poden interferir coa intimidade das persoas residentes neses edificios ás que se realizou unha comunicación con posterioridade á súa colocación.

No informe requírese que os licitadores deberán explicar na memoria técnica os criterios de integración e harmonización que permitan que os elementos para despregar (as luminarias e as súas ancoraxes) poidan pasar totalmente desapercibidos ou, no peor dos casos, non resulten “descontextualizados” da contorna histórica en que se sitúan. Así, os equipos que se implanten deberán ter o tamaño máis reducido posíbel que permitan as tecnoloxías a empregar no desenvolvemento do proxecto. Non se permitirán acabados puídos brillantes, cores estridentes ou reflectantes e en caso de empregaren materiais metálicos na construción dos dispositivos deberán ter pinturas con acabado mate e a cor deberá ser autorizada pola Comisión Asesora de Patrimonio Histórico, cuestións estas que non foron avaliadas previamente á instalación e que non se cumpren nalgúns casos.

Ante isto, a Asociación para a Defensa do Patrimonio cultural galego xa advertiu tamén da proliferación de elementos que rodean a instalación destas cámaras por resultar pouco adecuados ao seu emprazamento na Cidade histórica de Santiago de Compostela.

Tamén desde a asociación veciñal Fonseca sinalaron que o poste de cámaras da Porta Faxeira é dun material que compaxina mal coa estética tradicional de toda a zona, ademais de cuestionar que se poñan cámaras en todos os lados e a súa excesiva voluminosidade.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

O Concello de Santiago de Compostela limitará a instalación de cámaras do proxecto Smartiago ás zonas de acceso á Cidade histórica, evitando duplicidades innecesarias e reducindo o número das previstas, despois dos pertinentes informes, ademais de velar polo cumprimento das características estéticas, tanto dos elementos instalados como do cableado, estipuladas nos informes da Comisión Asesora do Patrimonio Histórico.

MOCIÓN PARA A REORDENACIÓN E MELLORA DAS PISTAS DE SKATE DE CONXO

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para realizar unha actuación de reordenación e mellora das pistas de skate de Conxo, de acordo coas demandas trasladadas pola Asociación de Skate de Santiago e a Asociación Veciñal Conxo Aberto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Asociación de Skate de Santiago e a Asociación Veciñal Conxo Aberto transmitiron as necesidades de reordenación e mantemento das pistas de skate de Conxo, un espazo usado tanto por patinadores/as, ciclistas que utilizan as rampas, xogadores de voleibol que levan unha rede portátil, paseantes de cans, familias con cativos e cativas e veciñanza da zona.

Segundo se pode comprobar neste emprazamento, é necesario un plan de mantemento das pistas de patinaxe, das gradas e deste parque co fin de mellorar e reordenar este espazo de convivencia, deporte e lecer, coa posibilidade de establecer tamén un lugar cuberto nas proximidades do barrio. Ademais, faise necesario manter aberta unha canle de diálogo das concellarías de Deportes e Parques con estas asociacións co obxectivo de incluír as partidas económicas necesarias nos remanentes de tesouraría ou nos Orzamentos de 2022 para realizar esta actuación que reclaman.

Este espazo presenta na actualidade numerosas deficiencias que, cada semana, van a peor polo mal uso destas instalacións por parte de persoas alleas, o que dificulta a convivencia. Así, as rampas aparecen con buracos, ademais da sucidade, pintadas e envoltorios de comida e bebida que aparecen depositados con frecuencia; cando se pode ter un espazo ordenado, limpo e co mantemento adecuado dos módulos de patinaxe para estas prácticas deportivas. É importante, así mesmo, realizar o cambio de superficie do solo por outro material puído máis adecuado, con circuítos diferentes e instalación de elementos en función do grao de dificultade.

Isto é necesario para fomentar hábitos deportivos e de lecer saudábeis entre a mocidade, non pode ser que se abandonen estes espazos públicos e teñan que recoller os restos de residuos cada vez que queren patinar ou que desprazarse a concellos veciños para poder adestrar.

Desde as asociacións requiren tamén sinalética, ordenación dos espazos, iluminación adecuada, xunto co acondicionamento dunha rede fixa de voleibol nunha zona delimitada, que pode ser na zona superior do parque, para facer compatíbeis os horarios e contar con maior diversidade nesta área que experimentou un incremento de poboación nos últimos anos.

De feito, en Santiago de Compostela hai numerosas persoas que practican e queren aprender este deporte, cun interese en crecemento, logo da creación das pistas do Restollal en 2003 e da praza da Constitución en 2007, que contaron cunha importante transformación a raíz dunha iniciativa impulsada polo BNG en decembro de 2016.

Ademais, cunhas boas instalacións, Santiago de Compostela podería ser sede de probas e campionatos que atraen visitantes, así como ter a posibilidade de crear unha escola deportiva.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

O Concello de Santiago de Compostela incluírá nos Orzamentos de 2022 a creación de novas instalacións para a práctica de skate, patinaxe e voleibol no espazo da rúa Emilia Pardo Bazán, en Conxo, con sinalética e iluminación adecuadas, en diálogo coa Asociación de Skate de Santiago e atendendo ao proxecto elaborado por esta entidade, ademais de encargarse da súa limpeza e mantemento.

MOCIÓN PARA A REALIZACIÓN DUN ESTUDO DO HÁBITAT E DO PATRIMONIO NA CANTEIRA DE SANTA CRISTINA DE FECHA

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para a realización dun estudo do hábitat, do patrimonio e das augas para protexer a canteira de Santa Cristina de Fecha ante a intención de instalar un vertedoiro.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Colectivos como “A Pedra que Fala”, as asociacións veciñais de San Xoán de Fecha e de Santa Cristina de Fecha, ademais da Federación de Asociacións Rurais de Santiago (FERUSA), trasladaron a súa preocupación pola intención de instalar un vertedoiro na canteira de Santa Cristina de Fecha, coñecida como as minas da Barquiña, para o que requiren documentación sobre os proxectos previstos neste espazo que ocupa arredor de 50 hectáreas de superficie, xunto con estudos ambientais e patrimoniais.

Cómpre ter en conta que as consecuencias de instalación dun vertedoiro neste lugar, camuflado como un proxecto de restauración da canteira como aconteceu co de Miramontes-Grixa, poden supoñer risco de contaminación das augas do río Tambre, de acuíferos para traídas e pozos veciñais, destrución de hábitats de interese, polución do aire coa emisión de gases, ruídos e inseguranza derivadas do tránsito de camiós.

Nese sentido, é fundamental que o Concello de Santiago realice análises periódicas das augas, para coñecer a situación dos mananciais e saber se son aptos para consumo e labores agrícolas.

É necesario tamén que, máis alá da lexislación, desde o Goberno local e da Xunta se dean pasos firmes e decididos para a protección ambiental de Santiago de Compostela e de cara a frear calquera intento de crear novos vertedoiros de residuos, polos riscos irreversíbeis de contaminación que poden xerar en acuíferos e mananciais de auga que abastecen a zona, ademais da afectación á flora, fauna e patrimonio, pois

é evidente que provocan danos á natureza e para a saúde da veciñanza.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1.- O Concello de Santiago de Compostela, en colaboración coa Universidade, realizará un estudo do hábitat e do patrimonio da canteira de Santa Cristina de Fecha para buscar as figuras de protección máis acaídas de cara a evitar a instalación dun vertedoiro.

2.- O Concello de Santiago de Compostela realizará análises periódicas das augas procedentes desta canteira, para coñecer a situación dos mananciais e saber se son aptos para consumo e labores agrícolas. Adoptará tamén as medidas necesarias para a protección dos recursos hidráulicos existentes diante da posíbel contaminación por verteduras.

3.- O Concello de Santiago de Compostela convocará, no prazo dun mes, o Consello Municipal de Medio Ambiente, que ten entre as súas funcións propoñerlles aos órganos municipais criterios de actuación na liña do desenvolvemento sustentábel e participar no seguimento da xestión municipal, ademais de informar e ser informado sobre temas específicos do sector e propoñer alternativas concretas aos problemas existentes nesta área para que sexan tratados polos órganos municipais competentes.

4.- O Concello de Santiago de Compostela insta a Xunta a dar pasos firmes e decididos para a protección ambiental da capital de Galiza, que vaian encamiñados a frear calquera intento empresarial de crear novos vertedoiros de residuos.

MOCIÓN PARA A REGULARIZACIÓN DOS EXPOSITORES DE PUBLICIDADE URBANA

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde xaneiro de 2020 o Concello é titular dos denominados “mupis” ou expositores de publicidade e desde entón tales expositores non se explotan comercialmente de modo directo nin se saca a concurso a súa explotación, malia que xa van case dous anos desde que o Concello pasou a ser o titular destes elementos urbanos -cunha historia complexa marcada por unha negligencia cometida no seu día- e malia que en febreiro dese mesmo ano o concelleiro responsable afirmaba “estar traballando” no estudo dunha nova licitación.

O feito de que estes expositores urbanos non se exploten polo propio Concello ou non se saquen a concurso non só impide que anunciantes publiciten aí os seus produtos ou servizos -normalmente referidos a unha economía de intercambio presencial fronte á alternativa virtual de internet- senón que o Concello perde a oportunidade de obter uns ingresos que nacerían da vontade dos anunciantes ou das empresas de publicidade, como alternativa a coercibilidade das normas tributarias dirixidas ao conxunto da poboación.

E por todo iso que o Grupo Popular propón a adopción do seguinte

ACORDO

O Pleno insta ao correspondente órgano de Goberno a que á maior brevidade posible proceda a dar uso público regulado aos expositores de publicidade urbana (“mupis”), valorando previamente a idoneidade da súa localización.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA PARA AUMENTAR AS AXUDAS Á REHABILITACIÓN DE VIVENDA XESTIONADAS POLO CONCELLO E TAMÉN AS XESTIONADAS A TRAVÉS DO CONSORCIO

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Van alá dous anos de mandato e neles só houbo unha convocatoria de axudas á rehabilitación nos ARIs, publicada en xullo de 2019, transcorrido un mes da toma de posesión do goberno do PSOE, e polo tanto, resultado do traballo do Goberno de CA. Foi a convocatoria de subvencións para os ámbitos das catro áreas de rehabilitación integral (ARIs) coas que conta a cidade (Cidade Histórica, Vista Alegre, grupo de vivendas Compostela e Quiroga Palacios en Pontepedriña e Vite), e nela prevíase unha dotación de 2.310.000 euros para financiar 237 actuacións.

Froito do traballo de Compostela Aberta saíron adiante a convocatoria para a 16ª fase da Área de Rexeneración e Renovación Urbana do Casco Histórico, que ten unha dotación de 150.000 euros para financiar 25 actuacións. No caso do barrio de Vista Alegre e da súa fase 9ª, subvencionáranse 128 actuacións, cunha achega total de 1.280.000 euros. Cos 240.000 euros destinados ao grupo de vivendas Compostela e Cardeal Quiroga Palacios (Pontepedriña) financiáranse 20 actuacións. Finalmente, haberá 640.000 euros en axudas para 64 actuacións no barrio de Vite.

Tamén no mandato anterior, para posibilitar a instalación de ascensores, creáronse as axudas complementarias para que as persoas sen recursos poidan chegar ao 100% de axuda e varias desas subvencións están en tramitación na actualidade.

Durante o anterior mandato, ademáis, a partida destinada polo Consorcio de Santiago para a rehabilitación de vivendas da Cidade Histórica a través dos programas Ter e Manter e de renovación e mellora da envolvente exterior para mellora da eficiencia enerxética, alcanzaron o seu obxectivo xa que as axudas cubriron practicamente a totalidade das actuacións solicitantes que cumprían as condicións dos programas.

Nos últimos dous anos non se realizou ningunha convocatoria de novas axudas para as Áreas de Rehabilitación, polo que se ten producido unha ralentización na instalación de novos ascensores nos barrios de Vista Alegre, Vite e Pontepedriña, onde a súa demanda crece igual que o envellecemento dos residentes nestes barrios que dependen da concesión destas axudas para poder instalar un ascensor do que dependen moitas persoas con dificultades de mobilidade pola súa idade.

Sabemos que estas axudas dependen dos Convenios con outras administracións, Xunta e administración estatal e polo tanto será necesaria a coordinación e

implicación de todas elas para realizar unha nova convocatoria e non pasar outro ano máis en branco sen axudas municipais para mellorar a accesibilidade e a eficiencia enerxética destes edificios.

No ámbito da Cidade Histórica temos que sumar á falta destas axudas, que as cantidades destinadas polo Consorcio para a rehabilitación de vivendas a través dos seus programas de Rehabilitación e mantemento, están sendo totalmente insuficientes pois non chegan a cubrir moito máis da metade dos solicitantes que queren rehabilitar e mellorar as súas vivendas para destinalas a residencia habitual no ámbito da Cidade Histórica.

Así pois, tendo en conta o anterior, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta á consideración do Pleno o seguinte:

ACORDO:

1. Instar ao goberno de Santiago a facer as xestións necesarias, tamén ante o resto das administracións implicadas para aprobar unha nova convocatoria de axudas á rehabilitación para accesibilidade e eficiencia enerxética nas ARIs.
2. Solicitar á Xunta de Galicia e tamén ao goberno estatal unha maior dotación de recursos para estas ARIs que permitan que máis comunidades que están en lista de espera no Limiar poidan acceder á instalación de ascensores.
3. Demandar ao goberno local para que o Consorcio de Santiago de Compostela volva ser o referente nas axudas á rehabilitación de vivendas na Cidade Histórica, aumentando de forma significativa a dotación económica e o número de vivendas que poidan ser rehabilitadas coma residencia habitual, para paliar a perda de poboación na Cidade Histórica.

Con respecto á moción conxunta dos catro grupos políticos municipais incorporada por urxencia por unanimidade dos asistentes á orde do día da sesión, sobre o peche de oficinas bancarias na cidade vella, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos/as concelleiros/as asistentes acorda solicitar ás entidades bancarias que operan no termo municipal que manteñan abertas as oficinas de servizo ao público, dado que aínda seguen prestando un servizo presencial necesario para unha parte da poboación.

A moción presentada polo grupo municipal do BNG para limitar a instalación de cámaras do proxecto Smartiago nas zonas de acceso á cidade histórica, que foi debatida conxuntamente coa comparecencia, e votada seguidamente do seu debate, á que presentaron emendas CA (aceptada) e o PP (non aceptada), o Pleno da Corporación por 7 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do BNG e de CA, 7 abstencións correspondentes aos concelleiros/as asistentes do PP, e 10 votos en contra correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, polo que non resulta aprobada a devandita moción.

Na moción presentada por CA e que foi convertida en moción conxunta da Corporación, para manifestar o apoio ás persoas refuxiadas, o Pleno da Corporación por unanimidade dos asistentes acorda:

1. Instar ao Goberno da Xunta de Galicia a que ofrezca ao Goberno español a súa vontade de acoller a refuxiados afgáns, particularmente mulleres e nenas, cuxos dereitos e vidas están en perigo no seu país.

2. Facer un chamamento á comunidade internacional para que inicie actuacións dirixidas a preservar a vida e os dereitos de todos os cidadáns afgáns, en especial de mulleres e nenas.

3. Declarar ao municipio de Santiago de Compostela lugar de acollida de persoas refuxiadas afgás, particularmente de mulleres e nenas, pondo a disposición do Ministerio de Inclusión Social, Seguridade Social e Migracións tantas prazas como sexan posibles para colaborar a reducir o impacto humanitario deste desastre, en coordinación coas entidades do Terceiro Sector especializadas en acollida, e demostrar así que Santiago de Compostela é un municipio de Acollida tal como se declarou en 2015.

4. Instar ao Goberno de España a axilizar a tramitación das solicitudes de asilo de refuxiados afgáns.

5. Trasladar este acordo á Xunta de Galicia, ao Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión

Europea e Cooperación; e ao Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións.

Con respecto á moción presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta, para a elaboración dun plan de melloras na zona Volta do Castro, á que presentou emenda de engadido o grupo municipal do BNG, e tras ser aceptada, o Pleno da Corporación por 13 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais de CA, do BNG e do PP (5 CA, 2 BNG e 6 PP), e 11 abstencións correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e, por aplicación do disposto no art. 100 ROF, do Sr. Constenla Ramos (PP), (10 PSOE e 1 PP), acorda instar ao correspondente órgano de goberno a elaborar un plan de actuación no barrio da Volta do Castro que recolla as principais actuacións reclamadas pola veciñanza como:

-A humanización da rotonda.

-A instalación dunha parada de bus próxima ao barrio da liña 5 con marquesina.

-A construción da senda peonil cara o Milladoiro.

-A inclusión do barrio nas rozas de pistas e estradas.

-A instalación de máis contedores de lixo.

-O incremento da frecuencia do paso de autobuses urbanos para favorecer o uso do transporte público.

-A realización de pasos de peóns e beirarrúas para facilitar o tránsito a pé con medidas de seguranza viaria adecuadas.

A moción presentada polo grupo municipal de CA para que Santiago sexa nomeada cidade creativa da música, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros/as asistentes, acorda que o correspondente órgano de goberno inicie as xestións co obxectivo de artellar unha candidatura forte e acadar o recoñecemento da UNESCO coma Cidade Creativa da Música na seguinte convocatoria bianual da Rede de Cidades Creativas da UNESCO.

Faise un receso de 19:55 a 20:15 horas.

Ás 20:15 non se reincorpora a concelleira Dona Esther Pedrosa.

No tocante á moción presentada polo grupo municipal do BNG para esclarecer e recuperar o importe dos recibos da luz que o concello pagou á Catedral, o Pleno da

Corporación por 7 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do BNG e de CA (2 BNG e 5 CA), e 16 abstencións correspondentes aos concelleiros/as asistentes dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e do PP (9 PSdeG-PSOE e 7 PP), acorda que:

1.- O Concello de Santiago de Compostela realice un informe para esclarecer o pagamento de recibos da luz da Catedral de Santiago por parte da propia Administración municipal, que determine as cantidades e mensualidades abonadas, coa data en que se comezou e deixou de pagar, xunto co destino da subministración (ornamental, de uso cotiá e/ou interior), informe que fará público en aras da transparencia da Administración municipal.

2.- O Concello solicite, após os correspondentes informes xurídicos, a recuperación total ou parcial do importe, tendo en conta as posibilidades legais, e clarificará a situación de todos os impostos municipais que correspondan a bens propiedade da Igrexa.

Reincorpórase á sesión ás 20:30 horas, dona Esther Pedrosa.

A moción presentada polo grupo municipal do BNG para a reordenación e mellora das pistas de skate de Conxo, á que presentou emenda de substitución o grupo municipal do PP, e tras ser aceptada, o Pleno da Corporación por unanimidade dos asistentes acorda que o concello considerará con especial interese para a súa inclusión nos orzamentos de 2022 a creación de novas instalacións para a práctica do skate, patinaxe e voleibol no espazo da rúa Emilia Pardo Bazán en Conxo, con sinalética e iluminación adecuadas, en diálogo coa Asociación de Skate de Santiago e atendendo ao proxecto elaborado por esta entidade, ademais de encargarse da súa limpeza e mantemento.

Auséntase a concelleira Dona Branca Novo Rey, cando son as 20:50 horas.

Na moción presentada polo grupo municipal do BNG para a realización dun estudo de hábitat e do patrimonio na canteira de Sta. Cristina de Fecha, o Pleno da Corporación por unanimidade dos asistentes, acorda que:

1.- O Concello de Santiago de Compostela, en colaboración coa Universidade, realizará un estudo do hábitat e do patrimonio da canteira de Santa Cristina de Fecha para buscar as figuras de protección máis acaídas de cara a evitar a instalación dun vertedoiro.

2.- O Concello de Santiago de Compostela realizará análises periódicas das augas procedentes desta canteira, para coñecer a situación dos mananciais e saber se son aptos para consumo e labores agrícolas. Adoptará tamén as medidas necesarias para a protección dos recursos hidráulicos existentes diante da posíbel contaminación por verteduras.

3.- O Concello de Santiago de Compostela convocará, no prazo dun mes, o Consello Municipal de Medio Ambiente, que ten entre as súas funcións propoñerlles aos órganos municipais criterios de actuación na liña do desenvolvemento sustentábel e participar no seguimento da xestión municipal, ademais de informar e ser informado sobre temas específicos do sector e propoñer alternativas concretas aos problemas existentes nesta área para que sexan tratados polos órganos municipais competentes.

4.- O Concello de Santiago de Compostela insta a Xunta a dar pasos firmes e

decididos para a protección ambiental da capital de Galiza, que vaian encamiñados a frear calquera intento empresarial de crear novos vertedoiros de residuos.

Reincorpórase á sesión a concelleira Dona Branca Novo Rey, cando son as 21:00 horas.

Na moción presentada polo grupo municipal do PP para a regulación dos expositores de publicidade urbana, o Pleno da Corporación por 14 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do PP, de CA e do BNG (7 PP, 5 CA e 2 BNG), e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda instar ao correspondente órgano de Goberno a que á maior brevidade posible proceda a dar uso público regulado aos expositores de publicidade urbana (“mupis”), valorando previamente a idoneidade da súa localización.

Na moción presentada polo grupo municipal de CA para aumentar as axudas á rehabilitación de vivenda xestionadas polo Concello e o Consorcio, á que presentou emenda de engádegas o BNG, e tras ser aceptada o Pleno da Corporación, por 7 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais de CA e do BNG (5 CA e 2 BNG), e 17 abstencións correspondentes aos concelleiros/as asistentes dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e do PP (10 PSdeG-PSOE e 7 PP), acorda:

1. Instar ao goberno de Santiago a facer as xestións necesarias, tamén ante o resto das administracións implicadas para aprobar unha nova convocatoria de axudas á rehabilitación para accesibilidade e eficiencia enerxética nas ARIs.
2. Solicitar á Xunta de Galicia e tamén ao goberno estatal unha maior dotación de recursos para estas ARIs que permitan que máis comunidades que están en lista de espera no Limiar poidan acceder á instalación de ascensores.
3. Demandar ao goberno local para que o Consorcio de Santiago de Compostela volva ser o referente nas axudas á rehabilitación de vivendas na Cidade Histórica, aumentando de forma significativa a dotación económica e o número de vivendas que poidan ser rehabilitadas coma residencia habitual, para paliar a perda de poboación na Cidade Histórica.
4. Solicitar unha achega extraordinaria das administracións do Estado e da Xunta para incluír partidas económicas específicas nos seus orzamentos, en cumprimento do acordo do Real Padroado de dotar 281,5 millóns de euros comprometidos até 2032 para manter o modelo urbano, o valor patrimonial e o recoñecemento internacional da Cidade histórica de Santiago de Compostela.

Remata a sesión cando son ás 21:20 horas. Dou fe.

